



Memoria 2008
Amigos da Terra

INTRODUCCIÓN

Os problemas ambientais xa non aparecen como independentes uns doutros, senón que transcenden todos os ámbitos e compartimentos. A crise ambiental comeza a ser percibida (que non asumida) como unha ameaza, pero tamén como unha crise de civilización, como o fin anunciado dun xeito determinado de entender e actuar na Terra que agora demanda unha nova sociedade e unha reformulación global e xeral da nosa relación co planeta.

A crise ambiental, exemplarizada e focalizada no cambio climático, empeza a facer presente na sociedade a transcendencia dos problemas ambientais. O discurso da sostibilidade (recentemente esgrimido por distintos gobernos como oportunidade e alternativa para a crise económica) fai que “o ambiental” rompa as barreiras que a nivel de percepción social restrinxía o medio ambiente e os seus problemas aos espazos naturais e as especies. Indiscutiblemente, as sociedades humanas empezan a comprender as interrelacións e a interdependencia entre a humanidade e o medio que a sustenta.

O discurso clásico do pensamento global e a actuación local está superado pola propia inercia desta crise ambiental. O momento actual, demanda cidadáns e cidadás conscientes e activos/as que pensen e actúen globalmente e localmente. Por esta razón consideramos que desde o ámbito galego, hai moito que facer tamén sobre temas ata agora considerados externos ou alleos.

A participación e a implicación cidadá é fundamental para a transcendental consolidación de novos hábitos de conduta consciente que propicien un decrecemento sostible nos países industrializados que poida equilibrar a equidade do desenvolvemento sostible dos países empobrecidos. Neste cambio de paradigma ningún axente social e alleo, ningunha entidade, nin a nivel administrativo ou empresarial pode quedar fora deste chamamento xeral para acadar unha nova sociedade.

O 2008 foi un ano de intenso traballo para **Amigos da Terra**, aínda que sen dúbida unha boa parte dese traballo non transcendeu aos nosos socios e socias e voluntarios e voluntarias pois non pouco dese esforzo centrouse na reestruturación interna e o fortalecemento da estrutura organizativa, que tiñamos como tarefa pendente.

Neste ano recen rematado, adicamos esforzos a dous obxectivos claves: **Fortalecemento da organización**, a través da elaboración e aplicación das primeiras fases dun plan estratéxico e a **Sensibilización e Educación ambiental**, a través da priorización de dúas áreas: Cambio Climático e o Consumo Responsable, sendo esta última transversal a todas as accións que desenvolvemos.

Cambio climático como área prioritaria centrou esforzos nunha campaña na que a implicación da cidadanía era prioritaria, co fin de promover un cambio necesario no actual sistema de produción e utilización da enerxía, sen esquecer o traballo directo ca administración, como axente clave para lograr un cambio real. Seguimos apostando polo aforro e a eficiencia enerxética como medida principal para frear as emisións e polo

potenciamento das enerxías limpas e renovables non como complemento acumulativo, senón como unha auténtica e realista alternativa ás enerxías convencionais..

Consumo responsable como área transversal, incide na necesidade da reflexión sobre as consecuencias sociais, económicas e medioambientais derivadas das pautas de consumo e do consumismo desmesurado da sociedade actual, por iso e preciso actuar de xeito activo e presentar alternativas concretas e viables contra os modelos de produción capitalistas, por exemplo a través da promoción da utilización de produtos de agricultura ecolóxica, comercio xusto, así como o rexeitamento aos organismos modificados xenéticamente (transxénicos).

O pasado ano significou un paso importante, xa que en **Amigos da Terra** reformulámonos o noso futuro e a nosas formas de actuación a través da elaboración do Plan estratéxico. Dentro deste proceso un tanto complexo, definimos varios aspectos que representan os fundamentos da nosa entidade, por un lado a **estrutura organizativa** na que definimos a organización que queremos, as **áreas de traballo** marcando as liñas estratéxicas a seguir en cada unha e a **base social** como elemento fundamental para difundir os nosos principios. O resultado final deste traballo recolle un consenso sobre a entidade e a razón de ser de **Amigos da Terra**, sobre o que é e o que quere ser, e sobre os camiños a transitar para chegar a ese ideal no ano 2011.

Reformular a estrutura organizativa foi unha labor complexa, na que adicamos tempo e esforzo pero que loxicamente case non ten unha visibilidade cara ó exterior nin para moitas das persoas asociadas, pero que resultaba urxente e estratexicamente prioritaria como base fundamental sobre a que avanzar como asociación e optimizar as áreas de traballo e o resto das propostas do plan estratéxico.

Podemos dicir que agora contamos cun sistema administrativo máis realista, adaptado as nosas características, coñecido e consensuado por todas as persoas implicadas. Temos un novo proceso de contabilidade que, por fin, nos permite unha visión e unha previsión realista sobre a situación económica. Contamos con novo persoal entre o que se encontra un coordinador xeral, polo que a eficiencia no traballo do equipo técnico mellorou sensiblemente e, a pesar das moitas dificultades, intentamos manter os postos de traballo xenerados pola asociación para o equipo técnico.

Temos, en definitiva, unha base máis sólida e estable na parte técnica e administrativa que era o reto a conseguir nesta primeira fase.

Para o 2009 nos fixamos como obxectivo aumentar a nosa presenza e a nosa base social e afondar nas distintas áreas prioritarias que nos marcamos como colectivo ecoloxista.

QUEN SOMOS

Amigos da Terra Galicia - Xuventude é unha organización non lucrativa que sempre destacou por plantexar unha actitude de defensa do medio ambiente, realista e construtiva, que apoia aquelas iniciativas que van xurdindo e axuda a mellorar a nosa contorna desde a práctica e a acción. **Amigos da Terra** forma parte da rede nacional e da internacional Friends of the Earth, a rede de grupos ecoloxistas máis extensa do mundo, presente en máis de 73 países.

Os nosos obxectivos:

- Protexer o medio ambiente, entendido no máis amplo senso.
- Defender os intereses xerais dos/as consumidores/as, baseados en criterios de sustentabilidade.
- Promover alternativas baseadas no desenvolvemento sostible.
- Mellorar a calidade de vida das comunidades humanas en todas as súas facetas.
- Promover a educación integral a todos os niveis e en todos os ámbitos, incluíndo de forma destacada a promoción de actitudes positivas e activas de cara ao medio e á igualdade entre os sexos e actitudes pacifistas.

A nosa misión:

A nosa misión é fomentar un cambio global e local cara a unha sociedade respectuosa co medio ambiente, xusta e solidaria.

A nosa visión:

Un mundo onde todos os seres vivos e pobos vivan con dignidade en harmonía coa natureza.

Os nosos principios:

Amigos da Terra é unha asociación ecoloxista que ademais declárase:

- **Pacifista e non violenta:** Defendemos sempre solucións non violentas aos conflitos a través do diálogo.

- **Xusta e solidaria:** Cremos na solidariedade e na xustiza económica, social, ambiental e política. Promovemos a igualdade de acceso aos recursos e de oportunidades para todas as persoas sen distinción de sexo, raza, cultura, etnia ou crenza.

- **Democrática e participativa:** Cremos na democracia participativa e por iso practicamos o diálogo aberto entre todos os que compoñen a asociación.
- **Transparente:** Pomos á disposición da sociedade información sobre a nosa xestión e actividades.
- **Pragmática e aberta:** Alertamos sobre os problemas ambientais e sociais pero sobre todo intentamos ir á raíz dos problemas e buscar solucións alternativas e prácticas. Estamos abertos a escoitar aos demais e a entrar no debate para buscar solucións.
- **Activista e reivindicativa:** Cremos no valor da acción colectiva e individual e promovemos unha actuación cidadá directa tanto a nivel local como global.
- **Educativa:** Concienciamos sobre os problemas medioambientais, promovendo cambios de hábitos para reducir o noso impacto negativo sobre o planeta.
- **Colaboradora:** Cremos no valor da unión de forzas e colaboramos con persoas e organizacións coas que compartimos obxectivos.
- **Independente:** Non estamos vinculados a ningún partido político, grupo económico ou empresarial.

Como nos organizamos:

Xunto con outras organizacións análogas e homónimas, está integrada en **Amigos de la Tierra**, unha ONG clásica no estado español, que vén traballando de forma continuada fai máis de vinte e cinco anos. Esta organización basea o seu traballo nos distintos grupos locais, presentes en vinte e unha provincias de todo o estado.

Esta organización forma parte a súa vez de Friends of the Earth International (**Amigos da Terra Internacional**), organización internacional nada nos Estados Unidos, Gran Bretaña e Suecia no ano 1971 e que foi estendéndose ata o día de hoxe a 73 países dos 5 continentes. España figurou como membro no ano 1979. No ámbito europeo existe outra estrutura supranacional chamada Friends of the Earth Europe (**Amigos da Terra Europa**).

Aínda que pareza unha estrutura un tanto xerárquica, permite unha total independencia de acción dos grupos de cada nivel, sendo estes, órganos de coordinación e representación. Polo tanto, respéctase sempre a independencia e liberdade dos grupos.

En **Amigos da Terra**, o máximo órgano de goberno reside na Asemblea Xeral, que se reúne, como mínimo e de xeito ordinario, unha vez ao ano. Nela examínanse os balances económico e de actividades do ano anterior, débátese as diferentes propostas para o seguinte exercicio e elíxense os cargos da xunta directiva. Na asemblea poden participar todas as persoas asociadas con voz e con voto.

Entre asemblea e asemblea, o órgano decisorio é a xunta directiva, que se reúne unha vez ao mes. Actualmente a xunta directiva está composta por cinco membros coas seguintes funcións entre os que se distribúe a representatividade da asociación aos distintos niveis.

XUNTA DIRECTIVA:

Presidencia: Judith Sing

Secretaría: Paula Vidal

Tesourería: Susana Soto

Vocal de Activismo: Antón Lois

Vocal de Comunicación: Xulio López

Onde Estamos

A sé coordinadora da asociación **Amigos da Terra** está en Ourense e actualmente existe un grupo comarcal en Pontevedra.

O noso ámbito de actuación é toda Galicia, e tamén actuamos en países como O Salvador, Honduras e Nicaragua onde nestes intres estamos desenvolvendo proxectos de cooperación.

PLATAFORMAS ÁS QUE PERTENCEMOS

- Membro Fundador do Comité en Defensa do Monte Galego
- Representante do Consello Forestal de Galicia
- Membro do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente
- Membro da Rede Litoral Vivo
- Membro do Grupo galego de Apoio ao FSC
- Suplente do Consello Galego de Medio Ambiente
- Membro da Comisión da Rede de Espazos Naturais de Galicia
- Pertencente á Comisión de Comercio Xusto, Coordinadora Galega de ONGds
- Membro da Plataforma cidadá redondelá en contra da variante da A-57
- Membro da Plataforma Matar por Matar Non
- Membro da Plataforma Galiza Non Se Vende
- Membro da Plataforma Galega Antitransxénica
- Membro do Foro Social Galego

ACCIÓN QUE DESENVOLVEMOS

Todos/as os/as integrantes de **Amigos da Terra** temos un obxectivo en común: a **defensa do medio ambiente**. A visión diferencial da nosa forma de traballo é que se formula dende unha **actitude constructivista e positiva**, fuxindo do modelo da crítica fácil e aportando alternativas coherentes; traballando localmente e facendo partícipes ás persoas das posibles solucións, sensibilizando nun respecto polo medio ambiente e na procura dunha sociedade máis xusta e solidaria.

En todas as campañas e proxectos que desenvolve **Amigos da Terra** en Galicia incorporamos 2 eixes principais de actuación: **Activismo e Reivindicación**, e **Educación Ambiental**. Estes dous principios están presentes nas áreas nas que traballamos:

- Cambio Climático
- Residuos
- Consumo Sustentable
- Cooperación para o Desenvolvemento
- Conservación e Usos da Terra

A Asemblea de **Amigos da Terra**, máximo órgano de goberno, tomou como prioritarias **Cambio Climático e Residuos**, polo que todos os nosos esforzos irán dirixidos durante 3 anos a fortalecer esas dúas áreas de traballo, abertas á participación de todos os/as socios/as e voluntarios/as.

Ademais, contamos con dous recursos fundamentais na asociación, tamén abertos á participación:

- O **Servizo de Asesoría Xurídica**, espazo gratuíto onde o cidadán pode denunciar as agresións ambientais e recibir asesoramento xurídico neste eido.
- O **Centro de Educación Ambiental As Corcerizas**, proxecto educativo onde se desenvolven todas as políticas de Amigos da Terra, en coherencia cun equipamento tomado xa como referente para futuros deseños de equipamentos de Educación Ambiental.

Para o cumprimento dos nosos obxectivos a asociación levou adiante a posta en marcha dunha serie de servizos, programas, proxectos e campañas durante o ano 2008 e participou así mesmo en diferentes actividades organizadas por outros colectivos. Todo isto, vén a demostrar o activismo da asociación en canto á dinámica de traballo que a continuación detallamos.

ÁREA RESIDUOS

Desde a área de residuos de **Amigos da Terra**, traballouse durante todo este ano perseguindo o obxectivo de consolidar a área mellorando a calidade dos proxectos, diversificando as liñas de traballo, dinamizando a área e consolidándonos como referentes na práctica da compostaxe doméstica en Galicia.

Os esforzos da área foron destinados a estas liñas e pódese dicir, que se conseguiu consolidar a compostaxe doméstica como campo de actuación principal, sendo considerados actualmente un referente galego neste eido.

Parte importante dos esforzos deste ano foron destinados ao comezo do traballo en redución de residuos a través da primeira fase do proxecto, este obxectivo era un dos retos principais ós que se enfrontou a área de residuos.

O estudo sociolóxico formulado no Plan de Traballo, concluíu con éxito a principios do ano 2009, polo que será no presente ano, no que haberá que traballar en base aos resultados obtidos.

Podemos falar de logros nesta área ao acadar chegar a máis de 100 familias do rural galego a través da compostaxe doméstica e ser considerados referente a nivel autonómico. Ao conseguir financiamento para levar a cabo o primeiro proxecto de prevención da área e ao ser considerados a participar nas reunións de traballo do novo Plan de Residuos para Galicia.

Como PROXECTOS destacados deste ano, podemos mencionar:

Programa Piloto de Compostaxe Doméstica nos Municipios de Piñor e Carballiño:

Os resultados deste proxecto foron presentados a principios deste 2009 con excelentes resultados de redución de residuos domésticos e de obtención de compost en ambos Municipios.

Na actualidade, e segundo os nosos datos, o 100% dos fogares continúan compostando e o número de composteiros creceu considerablemente nos dous concellos aínda que xa sen a implicación directa de **Amigos da Terra**.

“ III Programa de Compostaxe Descentralizada no municipio de Arzúa”

Este proxecto pasa a formar parte xa dunha longa traxectoria andada entre o Concello de Arzúa e **Amigos da Terra**, tempo no que se fixo chegar a Compostaxe doméstica a unhas 200 familias do Municipio así como centros de ensino e asociacións.



Actualmente continúa facendo compostaxe cunhas 85 familias.

É de destacar a alta motivación e interese da concellería de medio ambiente en continuar tratando a problemática de residuos neste concello e aportando solucións e accións concretas a isto.

Seguimento da Experiencia Piloto de Compostaxe doméstica no Barco de Valdeorras.

Logo de 3 anos de ter finalizada esta primeira experiencia en Compostaxe doméstica para **Amigos da Terra**, este pasado ano 2008, tivo lugar un seguimento do programa, a fin de comprobar a eficacia dos nosos programas de compostaxe.



Os resultados foron moi satisfactorios para nós, posto que comprobamos directamente que a maior parte dos participantes, tres anos despois, continúan facendo compost, e a porcentaxe que falta é por causas alleas ó programa, como cambio de residencia ou cambio a un composteiro maior.

“Programas de compostaxe doméstica descentralizada nos municipios de Marín, Toén e Arzúa”

Este proxecto, englobase dentro dos proxectos de implantación de compostaxe doméstica que leva desenvolvendo **Amigos da Terra** dende xa hai tres anos no rural galego. Os obxectivos que perseguimos con estes programas son varios

- Capacitar á poboación para a fabricación de compost a pequena escala.
- Concienciar á poboación sobre a problemática dos residuos e a importancia da separación na orixe.
- Reducir a cantidade de materia orgánica que se destina a incineración.

- Reducir o volume de residuos que deben recoller os Concellos de Marín e Toén, tanto os de xardín como os domésticos, o que se podería traducir nun aforro económico importante.
- Mellorar a eficacia da recollida selectiva mediante a separación previa da materia orgánica.

Este proxecto deu comezo o pasado mes de novembro con 50 familias no municipio de Marín, 20 no de Toén e 28 no de Arzúa.



Dende **Amigos da Terra** levouse o seguimento completo destes novos composteiros solucionando a súas dúbidas e facendo visitas a cada domicilio periodicamente.

A finalidade principal destes programas é a de capacitar aos/ás participantes para autoxestionar os seus residuos orgánicos producidos a nivel doméstico, ao mesmo tempo que se busca ampliar a conciencia ecolóxica da poboación participante no programa de xeito directo e indirecto.

Ambos programas de compostaxe concluírán no vindeiro mes de xuño.

Programa de Sensibilización para unha mellora da Separación Selectiva do Municipio de Marín

Este programa xurde co obxectivo de concienciar a poboación da necesidade de separar o lixo nos fogares para poder facer posible o paso posterior da reciclaxe.

Para isto, ao longo deste ano e coa colaboración da Concellaría de Medio Ambiente do Concello de Marín, levamos a cabo esta campaña.



As accións desenvolvidas ata o momento foron:

- Un estudio da situación actual da separación selectiva no concello por parte dos usuarios e a dispoñibilidade das ferramentas para a separación por parte da empresa xestora.
- paso seguinte foi a implantación dun sistema de recollida diferenciada de aceites domésticos e un plan de recollida porta a porta do papel e o cartón no comercio de Marín.
- Unha vez postos en marcha estes métodos de xestión, o seguinte paso foi a elaboración dunha guía de separación selectiva que foi enviada a todas as vivendas do municipio. A campaña terá continuidade nos vindeiros meses.

PRESIÓN POLÍTICA

Neste ano a presión política levada a cabo dende a área de residuos focalizouse fundamentalmente sobre dúas temáticas:

- 1, O Plan Galego de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos 2007-2017
- 2, A Nova Directiva Europea de Residuos.

O Plan Galego de Xestión de Residuos Sólidos Urbáns 2007-2017

Este pasado ano, **Amigos da Terra**, xunto cos colectivos ecoloxistas Adega e FEG foron convocados polo Conselleiro de Medio Ambiente a unha xuntanza onde foi presentado o borrador do novo Plan de Residuos 2007-2017. **Amigos da Terra**, co resto dos grupos, presentou apartacións a este plan aínda que previamente expresou publicamente a súa satisfacción por esta renovación de obxectivos e directrices do novo PXRSUG.

Posteriormente a finais de ano, cando o Plan foi exposto ao público, foron presentadas alegacións ao mesmo, á espera de ver se foron tidas en consideración.

Directiva europea de residuos:

Neste ano realizáronse tamén, varios envíos a europarlamentarios dende a nosa asociación e apoiados pola cidadanía para lograr obxectivos vinculantes de estabilización de residuos no ano 2010 na Directiva Marco de Residuos. Non obstante, non se tiveron en conta estas peticións á hora de aprobar a Directiva. (Aínda que si, as peticións realizadas con respecto á reciclaxe).

Fora destes dous puntos, mantivemos reunións cos principais representantes da administración en materia de medio ambiente, a fin de expoñer certas propostas.

TRABALLO EN REDE

Dende a área de residuos durante este ano continuouse o traballo en rede cos demais grupos de residuos de Amigos de la Tierra España e cos grupos de residuos de Friends of the Earth Europe.

Na rede de grupos de España leváronse a cabo varias reunións ao longo de todo o ano, con motivo dos diferentes programas que compartimos. Tivo lugar unha reunión de conclusións do proxecto de redución na sede do grupo local de Ibiza no mes de outubro, e diferentes reunións telefónicas para debater diferentes aspectos da área.



O traballo maioritario desta rede faise a través de internet nun ciberespazo creado para esta.

Así mesmo, desta rede xurdiu a creación do **blog UsaR y No TiRaR**, desde o que se comentan novas de actualidade, se plasman opinións e se critican decisións e actuacións políticas relacionadas coa produción excesiva de residuos. Este blog, dinamizado desde a área de residuos ao completo, é unha boa ferramenta para realizar as nosas aportacións con respecto a esta

problemática. O número de visitas desde a súa inauguración (15 de marzo) e ata a data é de 5.310 o que confirma o éxito desta actuación.

Tamén, neste ano participamos nas “I Xornadas abertas ao público da Rede Española de Compostaxe”, e entramos a formar parte como observadores da Rede de entidades locais pola compostaxe doméstica e comunitaria.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

Segundo as liñas do noso plan estratéxico, centramos parte dos nosos esforzos na educación ambiental a adultos e en concreto a formadores/as e traballadores/as do sector dos residuos:

- No mes de setembro, impartimos na Deputación de Ourense, un **curso de sensibilización para os/as traballadores/as do sector dos residuos**.
- En colaboración coa Universidade de Vigo, participamos no “**Curso de educadores/as ambientais**”, impartindo un módulo específico de residuos.



- Impartimos unha **formación en Xestión de Residuos** á Escola Obradoiro do Municipio de Marín.

- **Diverciencia 2008:** Este programa, foi levado a cabo no Centro de Educación Ambiental As Corcerizas ao longo deste pasado 2008. Pretendeuse chegar con el ó estudiantado adulto, co obxectivo de proporcionar as claves para canalizar a base educativa dos/as participantes como unha ferramenta eficaz de Educación Ambiental, a través dun uso de recursos científicos orientado cara un desenvolvemento sustentable.

Para isto, dende a área de residuos, levamos a cabo unha experiencia práctica nesta xornada: **Experimentación científica para o análise do funcionamento do sistema de Compostaxe Doméstica Descentralizada como modo de xestión sostible de residuos.**

O público o que foi destinado foron: Alumnas/os de 1º e 2º de Bioloxía da Universidade de Vigo, Unha escola Obradoiro do Concello de Marín e Alumnas/os de 3º de Ciencias da Educación da universidade de Vigo.

- **Consumo navideño:** A finais de ano, e con motivo das festas de Nadal, elaboramos unha pequena guía de consumo consciente dirixida a toda a cidadanía "**Como ser un Amigo da Terra este Nadal**". A publicación foi distribuída de xeito electrónico.

Participación ou organización de: Charlas, Obradoiros, Ponencias, etc.:

- **Obradoiro de Vermicompostaxe** no marco das II xornadas forestais do Concello de Coles. Público destinatario: Veciñas/os do Municipio.
- **Visita a planta de Compostaxe de Ourense:** Organizada por **Amigos da Terra**, e á que foron convidados socios/os e voluntarias/os da asociación.



- **Entrevista para revista dixital estatal Soitu:** Reportaxe sobre as nosas campañas de compostaxe doméstica. Setembro 2008
- **Reportaxe para Televisión Española:** Reportaxe dos programas de compostaxe. Gravación no concello de Carballiño. Setembro 2008.
- **Entrevista para Galicia Hoxe:** Posicionamento fronte á Directiva Marco de Residuos.
- **II Xornadas Forestais do Municipio de Coles:** levando a cabo un cursiño de sensibilización para a redución de residuos e un obradoiro de vermicompostaxe.
- **Participación nas II Xornadas Galegas de Redución de Residuos en Santiago de Compostela:** Ponencia sobre o Proxecto de Redución de residuos e hábitos de consumo na poboación galega.



- **Encontro Nacional Amantes do Lixo:** Entre o día 5 y 8 de decembro, tivo lugar este encontro de expertos/as en redución, reutilización e reciclaxe de todo o país, co obxectivo de fixar os pasos a seguir para que a sociedade continúe avanzando nesta materia.

ÁREA CAMBIO CLIMÁTICO

Amigos da Terra conseguiu como obxectivo xeral ao longo deste ano consolidar a área de Cambio Climático, replantexando a súa metodoloxía de traballo para facela máis participativa e visible á sociedade. Deste xeito conformouse un equipo de traballo activo integrado por socios/as, voluntarios/as e persoal técnico da asociación, que se centrou na realización de campañas e actividades en contacto coa poboación, como ferramenta educativa e tamén de presión política. Continuamos coa Campaña de Educación Ambiental **A Aposta por frear o Cambio Climático**, o establecemento de sinerxías con outros colectivos e coa administración, e en contacto continuado cos medios de comunicación a través do envío de novas e artigos de opinión.

O Centro de Educación Ambiental As Corcerizas é un recurso fundamental para esta área, como ferramenta de demostración da viabilidade das alternativas das que falamos. Deste xeito, logramos informar e concienciar da problemática da situación enerxética, promovendo a análise e a reflexión, e sensibilizando sobre as consecuencias do Cambio Climático.

PRESIÓN POLÍTICA

S.O.S Clima

S.O.S. Clima é parte da campaña de cambio climático de Amigos da Terra Europa The Big Ask, que ten por obxectivo conseguir que a Unión Europea e os países membros neste caso España, comprométanse a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 30% en 2020 e un 90% en 2050.

A campaña arrincou en Galicia o 22 de Abril de 2007 presentándose na capital galega. Na súa fase **Actúa!** a campaña percorre diferentes vilas e cidades recollendo postais e testemuñas da cidadanía para facer chegar ao Presidente do Goberno, co fin de apoiar a creación da lei que regularice e faga cumprir o obxectivo do Protocolo de Kioto ano a ano.

As peticións que facemos son:

- **LEXISLACIÓN:** Unha lei que faga posible cumprir o obxectivo de reducir as emisións ano a ano.
- **TRANSPARENCIA:** A presentación dun informe anual sobre as accións emprendidas para cumprir os obxectivos.
- **COMPROMISO:** Asumir as responsabilidades que fixe a lei en caso de non cumprimento.

A vantaxe de fixar obxectivos a curto prazo é que fai responsables aos/ás políticos/as de hoxe do cumprimento deses obxectivos, o que lles obriga a actuar e lograr que se fagan realidade.

Este ano, **Amigos da Terra** estivo presente en numerosas vilas e cidades galegas entre as que podemos destacar Ourense, Compostela, Lalín, Fax Festival Ourense, Festival

Reperkusión Allariz e en Terractiva en Arzúa entre outras. Dando así continuidade a *Andaina Fotográfica* e a campaña *Actúa!*



Miles de persoas enviaron xa unha **petición ao Presidente** para que o goberno español se comprometa a reducir as emisións ano a ano.

Unha Lei de cambio climático regula as emisións no Reino Unido

O anuncio do goberno británico supón unha gran vitoria para a mobilización cidadá e para o grupo de **Amigos da Terra** en Inglaterra, Gales e Irlanda do Norte. **Reino Unido é o primeiro país do mundo en facer obrigatorias as reducións de emisións de gases de efecto invernadoiro nun 80% ata 2050.**

Logo de tres anos e medio de campaña, e grazas ao apoio de centos de miles de persoas, o Secretario de Estado de Cambio Climático e Enerxía do Goberno Británico anunciou que a lei cubrirá as emisións de todos os sectores, incluíndo a aviación e o transporte marítimo.

Campaña “Europa ten que asumir o liderado”

A Unión Europea atópase nun momento decisivo na aprobación de medidas para combater o cambio climático. Por iso, **Amigos da Terra**, Greenpeace e WWF están a premer os europarlamentarios cunha nova campaña para ver ata que punto van exercer o seu liderado e defender os intereses do planeta.

Por un lado, o obxectivo desta iniciativa online é manter informado ao público sobre a evolución dos debates dentro da Unión Europea, incluíndo qué eurodeputados van asumir o seu compromiso de defender a meta de manter o **quecemento global inferior aos 2º C.** Á vez, tamén quere dar á xente a oportunidade de premer directamente os políticos enviándolles unha carta.



Coas propostas actuais que está a barallar o Parlamento, o planeta estaría condenado a un aumento de, polo menos, 3-4º C para finais deste século, cando o obxectivo apoiado por científicos e ONG é que **non hai que superar os 2º C de aumento**.

Este seguimento online dos políticos pódese realizar dende www.timetolead.eu (dispoñible en idioma castelán). Ademais, nesta páxina recóllense propostas e medidas para lograr manter o quentamento global por debaixo de 2º C.

Báixalle os fumes aos Coches

“Os automóviles non votan, pero os políticos teñen pánico a provocarlles o menor desgusto”. (Eduardo Galeano)

Amigos da Terra sumouse á campaña *“Báixalle os fumes aos Coches”* xunto a outras organizacións de ámbito estatal. A campaña naceu ante a votación en outono no Parlamento Europeo e polos/as Ministros/as de Medio Ambiente sobre a Directiva Europea sobre as emisións dos coches, vendo que a lexislación se afasta dos obxectivos claros e ambiciosos iniciais cara medidas cada vez máis débiles e próximos aos intereses da industria do automóbil, produto da cesión ás presións exercidas pola mesma industria.

O transporte é, actualmente responsable de máis dun cuarto das emisións de efecto invernadoiro. É ademais o sector máis dependente do petróleo e o que máis incrementou as súas emisións desde 1990. A Unión Europea, leva traballando desde 1996 co obxectivo de limitar as emisións medias dos novos vehículos, a través da comercialización de vehículos máis eficientes e de menor consumo de combustible.

Nunha primeira fase, mediante a adopción dun compromiso voluntario coa industria do automóbil a cumprir no 2008, e nunha segunda fase, ante o incumprimento do mesmo pola industria, coa aprobación dunha lexislación que obrigue aos fabricantes de automóviles a construír coches máis eficientes.

As principais peticións da cidadanía e das Ong`s que participamos na campaña son:

- Coches máis eficientes**
- Non máis retrasos**
- Menos contaminación nas cidades**
- Pensade no futuro e non no pasado**

A lexislación que se pide, si se desenvolve de xeito eficaz soamente pode traer máis beneficios sociais, ambientais e económicos, salientando que un mundo máis xusto e ecolóxico só é posible imaxinalo se reducimos o número de kilómetros/persoa/ano, mentres o transporte dependa directa e indirectamente de combustibles fósiles.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

Campaña “A Aposta para frear o Cambio Climático”

No ano 2008 a campaña deu un xiro, cambiando o público destinatario directo cara as unidades de convivencia doméstica. Os resultados desta nova iniciativa están aínda por analizar, xa que estes proxectos continúan ata mediados do ano 2009.

- **Participación**

A Aposta 2008 conseguiu chegar a moitas familias en Galicia. Directamente 53 fogares foron os destinatarios directos pero máis de 6000 persoas coñecen a campaña de xeito indirecto, a través dos/as participantes e concellos obxectivo, que durante este ano foron Allariz e O Barco.

- **Adquisición de Coñecementos e Cambio de Actitudes**

A valoración da adquisición de coñecementos baseouse na observación dos logros acadados e na modificación ou reforzo de actitudes. O aforro acadado a través das actividades e as accións que os/as apostantes levaron a cabo, implica un cambio de actitude fronte ao Cambio Climático.

A contraparte, que neste caso foron os concellos, constataron a incidencia que a campaña tivo no comportamento ambiental dos/as participantes. Destacaron a importancia da motivación que infunde a campaña na concienciación da poboación. Mediante fichas de avaliación, os/as apostantes deron a coñecer os conceptos que aprenderon de novo a partir da súa participación na campaña.

Os temas tratados nos obradoiros foron: *Calefacción e auga quente sanitaria, electrodomésticos, iluminación, consumos fantasma e climatización*, e por último *movilidade sustentable*.



- **Aforro enerxético**

O esforzo persoal e o compromiso individual que cada apostante achegou, fixo posible este cambio de actitudes e un seguro aforro enerxético coa consecuente redución de emisións, aínda que non se teñen os resultados definitivos xa que continúan en activo. Así, *A Aposta* transmitiu a importancia de actuar conxuntamente desde un compromiso individual: cambiando os seus hábitos colectivamente nos fogares e transferindo eses coñecementos á súa vida cotiá.



Aire limpo para Ourense

Entre o 16 e o 22 de setembro celebrouse a **Semana Europea da Mobilidade** e o 22 de setembro foi o **Día Europeo de ¡A cidade, sen o meu coche!**. Esta iniciativa da Unión Europea, á que cada ano súmanse máis cidades, quere concienciar aos cidadáns das consecuencias negativas que ten o uso irracional do coche na cidade, tanto para a saúde pública como para o medio ambiente.



A importancia de celebrar este día está en que cada ano hai máis coches, e como consecuencia, máis polución e emisións de gases de efecto invernadoiro que alimentan o cambio climático. A maioría da cidadanía descoñece os efectos tan negativos no medioambiente e especialmente na saúde que esta concentración de gases conleva. É por isto, que o obxecto da campaña é informar á xente dos problemas e perigos que encerra o uso non responsable do coche na cidade e intentar sensibilizar cara ao uso

doutros medios de transporte: bicicleta, camiñar ou o transporte público que tamén son rápidos e cómodos ademais de baratos para andar pola cidade.

Amigos da Terra traballa en temas de mobilidade de xeito activo participando en diversas plataformas e movementos como a Masa Crítica e Plataforma Galega Salva o Tren, entre outras.



DIFUSIÓN, PUBLICACIÓN, E PARTICIPACIÓN EN EVENTOS

Nova publicación sobre Aforro de Emisións

Amigos da Terra publicou unha "**Guía de Consellos para o Aforro de Emisións no teu fogar**", unha guía que pretende servir como material de consulta para levar adiante o reto do desafío climático aplicando o aforro e a eficiencia enerxética desde os fogares sobre temas claves como a Enerxía, a Auga e o uso do Transporte.

Sensibilizando sobre Cambio Climático nos Medios de Comunicación

Fixemos diversas notas de prensa, artigos de opinión e entrevistas cos diferentes medios de comunicación en días clave e opinando sobre temas de actualidade que foron xurdindo ao longo deste ano, tendo repercusión directa en portais dixitais, televisión, radio e prensa escrita, entre os cales destacamos: *Televisión de Galicia, Radio Galega, La Voz de Galicia, Vieiros, La Región, Faro de Vigo, Punto Radio, Onda Cero, Cadena Ser...*

Participación en Foros, Xornadas e Congresos

Amigos da Terra participou, como todos os anos, nos encontros relacionados coa problemática expoñendo a súa experiencia e asistindo en calidade de ouvintes a outros foros e xornadas.

ÁREA CONSUMO RESPONSABLE

Este ano os esforzos da Asociación nesta área centráronse en 4 grandes temáticas: Transxénicos, Agrocombustibles, Comercio Xusto e Agroecoloxía; orientando maioritariamente os esforzos á presión política.

Cabe aclarar que aínda que o consumo responsable non era no 2008 unha área prioritaria, ante o alarmante e crítico momento que se conformou entorno á experimentación con organismos xeneticamente modificados en Galicia, como asociación ecoloxista que somos vímonos na necesidade e reaccionar con contundencia e claridade liderando, xunto con algunhas organizacións galegas, un movemento antitransxénicos e pola defensa da soberanía alimentaria dos pobos.

AGROECOLOXÍA

Amigos da Terra, xunto con A Esmorga, Amarante, Semente e Verdegaia, organizamos do 26 de febreiro ao 14 de marzo a segunda edición das Xornadas de Agroecoloxía **de Ourense**, co obxectivo de promover esta filosofía como unha ferramenta de transformación da sociedade na que vivimos.

No desenvolvemento da programación defendemos a necesidade de actuar de forma activa contra un modelo de produción agrícola e gandeira intensiva e aberrante, potenciada por intereses económicos e comerciais insensibles á calquera consideración de saúde pública, de benestar animal ou de respecto ao medio natural.

Buscando novas vías de participación, sensibilización e interiorización dos contidos a tratar, **Amigos da Terra** desenvolveu **con entusiasmo, e grazas ao apoio de voluntariado local**, un **obradoiro de ecoteatro**, o cal nos serviría para desenvolver máis tarde accións de rúa doutras áreas.

TRANSXÉNICOS

Sen lugar a dúbida este foi o tema central da área no 2008. Dous feitos históricos marcaron o inicio dun arduo traballo para liberar a Galicia de Organismos Xeneticamente Modificados:

Por unha banda, a proclamación **de Lalín como primeiro concello galego declarado Zona Libre de transxénicos**, iniciativa promovida dende **Amigos da Terra** que respondía ao traballo xa iniciado o ano anterior coa campaña “Por unha Europa libre de Transxénicos”.



O outro feito a destacar foi a **constitución da Plataforma Galega Antitransxénicos** a finais de febreiro; estrutura mediante a que **Amigos da Terra**, xunto con máis dunha trintena de colectivos (grupos de consumidores/as, labregos/as, asociacións ecoloxistas e culturais, sindicatos, ...), canalizou a boa maior parte das accións de presión política e comunicación coa cidadanía.

Reunións cos/coas representantes políticos/as, notas de prensa, envío de alegacións, accións reivindicativas, presenza en foros, edición de materiais... toda vía resultaba válida para demandar información e transparencia, para divulgar os verdadeiros intereses e graves consecuencias do cultivo e consumo de transxénicos, para esixir aos/ás nosos/as gobernantes seguridade e soberanía alimentaria para os pobos.

Deste xeito, e con lemas como “gobierno galego defende aos teus labregos/as” e “se non tedes fillos será polo millo”, a Plataforma trasladábase o pasado 26 de novembro ata o Parlamento Galego, onde se debatía unha **“Proposición non de Lei para declarar Galicia Zona Libre de Transxénicos (ZLT)”**. O resultado foi, tal e como se esperaba, unha ampla falta de compromiso e grave descoñecemento por parte dos/as parlamentarios/as quen, evitando a declaración como ZLT, deixaron á vontade da Xunta de Galicia a posta en marcha dunha serie de medidas laxas e contraditorias.

Ademais das accións descritas, e convidados por unha asociación de veciños, impartimos unha **charla** sobre "os efectos dos transxénicos na saúde e no medio ambiente", sensibilizando á cidadanía da **localidade de Bandeira**.

Dentro do **traballo en rede cos grupos de Amigos de la Tierra**:

Participamos no **Foro Ibérico “Con Soberanía Alimentaria, Sen Transxénicos”** celebrado en Derio (Bizkaia) durante o mes de marzo. Neste encontro reunímonos un amplo abano de movementos e organizacións sociais para artellar loitas e estratexias a favor da agricultura e a alimentación libres de transxénicos.

Como conclusión, podemos dicir que o Foro foi valorado positivamente pola toma de contacto coa realidade e intercambio de puntos de vista de diferentes colectivos e territorios, pero conseguíronse poucos acordos concretos para desenvolver de xeito conxunto.

Organizamos unha **Xornada técnica sobre ZLT na localidade de Pontevedra**, enmarcada no proxecto a nivel estatal que Amigos de la Tierra coordinaba en colaboración coa Fundación Biodiversidad.

Esta xornada estivo dirixida principalmente aos/ás representantes e técnicos/as dos concellos, e tiña coma obxectivo informar sobre a problemática transxénica existente no momento e conseguir que cada vez foran máis os municipios galegos que se declarasen ZLT. Aproveitamos o acto para presentar e difundir o documento “Guía práctica sobre zonas libres de transxénicos”.

AGROCOMBUSTIBLES

Para conmemorar o **Día Mundial da Alimentación**, baixo o lema “Antes comestibles que combustibles”, levamos a cabo unha **vistosa acción reivindicativa**: disfraces de millo, pratos baleiros, máscaras e un bidón de combustible foron os recursos empregados para visualizar a concentración diante da Subdelegación do Goberno de Ourense. Posteriormente fixemos entrega por rexistro, ás Consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural, dun informe no que se valoraban as repercusión dos agrocombustibles e no que reivindicabamos a retirada do obxectivo obrigatorio a nivel europeo de introdución do 10%.

Dentro das Xornadas da Casa Solidaria organizadas durante o mes de decembro pola Casa da Xuventude de Ourense, levouse a cabo unha **conferencia titulada “Antes comestibles que combustibles”**, co fin de sensibilizar aos/ás asistentes sobre a problemática dos agrocombustibles; informando sobre os riscos e os inconvenientes que supón a utilización deste tipo de substancias a gran escala.

COMERCIO XUSTO

O 15 de marzo, con motivo da celebración do Día mundial dos dereitos do/a Consumidor/a, lanzábamnos a nivel de toda Galicia a **campaña “Un café xusto, por favor!”**

O obxectivo desta campaña foi o de achegar información aos/ás comerciantes así coma aos/ás consumidores/as sobre qué é o comercio xusto, promocionar o seu consumo e facer consciente á sociedade da transcendencia e necesidade dun consumo responsable.

A campaña arrincaba cunha trintena de establecementos (bares, cafés, locais sociais e culturais...) onde se oferta a posibilidade de consumir café, cacao, infusións, cervexas, galletas e/ou demais produtos de Comercio Xusto.

Cabe destacar a **implicación do voluntariado** e o apoio do grupo comarcal, grazas aos que se fixo posible a divulgación da campaña en vilas e cidades das 4 provincias galegas.

Xa no mes de maio, con motivo da celebración do **Día Internacional do Comercio Xusto, Amigos da Terra** participaba nas xornadas de promoción do Comercio Xusto en Galicia organizadas pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

Estivemos presentes nas localidades de Lugo, Ourense, Santiago, Pontevedra e Vigo; traballando con voluntariado (neste último caso co apoio do **grupo comarcal de Pontevedra**) para facer difusión da campaña “un café xusto, por favor” e realizando un test sobre a pegada ecolóxica ás persoas que se achegaban ao noso posto.

Participación en Feiras

Ao longo do ano realizouse difusión e promoción das diferentes actividades e campañas da área de consumo participando cun posto informativo e actividades en algunhas **feiras** como **ArteSanarte** en Ourense e **Terractiva** en Arzúa.

Durante o 18 e 19 de outubro, dentro do **VII Encontro Internacional da Marcha Mundial das Mulleres** adicado á **Soberanía Alimentaria, Amigos da Terra** participou activamente nas diferentes accións e espazos previstos: apoio á acción reivindicativa diante dunha grande superficie da cidade de Vigo, presentación de comunicación na carpa das asociacións, difusión da campaña de “**Un café xusto, por favor**”, e respaldo coa nosa presenza e pancartas contra os transxénicos e agrocombustibles á manifestación do domingo.

ÁREA CONSERVACIÓN E USOS DA TERRA

Dende a área de Conservación e Usos da Terra, levamos a cabo actividades e campañas centradas principalmente na temática forestal, dende accións concretas con grupos e datas sinaladas coma o Día da Árbore, ata eventos de colaboración, sendo a campaña de “Doa Sangue e Planta unha árbore” a que ven tendo máis éxito polo que durante este ano expandimos campaña a cidade de Vigo.

En colaboración coa área de Asesoría Xurídica elaboráronse suxestións e alegacións a lei de Montes de Galicia, e viuse participando activamente nas reunións do Consello Forestal Galego.

Nesta área o voluntariado xoga un papel fundamental, xa que son a base para o desenvolvemento das campañas.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

Campaña “Doa Sangue e Planta unha árbore”

Amigos da Terra e o Centro de Transfusión de Sangue de Galicia (CTG) levamos organizando conxuntamente dende fai **oito** anos esta campaña principalmente na cidade de Ourense. Esta campaña ten un dobre obxectivo: mellorar a información dos cidadáns sobre a doazón e provocar unha especial sensibilidade social a prol da conservación do medio ambiente.



Durante este ano 2008 realizamos esta campaña por primeira vez na cidade de Vigo, nos meses de xaneiro e febreiro, en colaboración coa Oficina Municipal de Voluntariado do Concello de Vigo.

A resposta das persoas foi excelente, tanto pola participación das voluntarios/as como das persoas que se achegaron a doar. Participaron 40 voluntarios/as e se achegaron a interesarse pola doazón unhas 1.000 persoas, aínda que as doazóns efectivas foron 420.

Posteriormente, no mes de febreiro levouse a cabo a segunda fase da campaña e organizouse a plantación de árbores autóctonas en catro parques forestais e zonas verdes da cidade de Vigo, como o Parque Forestal do Vixiador, o Monte dos Pozos, a Praia de Alcabre (xunto ao Hotel Escudo) e a rotonda da Estación de Autobuses. Foron un total de 400 árbores que se corresponden cos case 420 donantes que se alcanzaron en xaneiro coa primeira parte da campaña.

Ademais, coa finalidade de conmemorar o “Día Forestal Mundial”, **Amigos da Terra** e o Centro de Transfusión de Sangue de Galicia realizamos o 29 de marzo a plantación correspondente a campaña do ano 2007.

A plantación realizouse na Serra de San Mamede en Ourense, nos arredores das instalacións do Centro de Educación Ambiental “As Corcerizas”, e na que tamén se impartiu un obradoiro práctico forestal.

Esta actividade realizouse grazas á participación das voluntarias e voluntarios de **Amigos da Terra** e o Centro de ensino Divina Pastora, contando cunhas 40 persoas e coa colaboración da Cooperativa BRAÑA que un ano máis aportou as árbores así como coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente que proporcionou o autobús.

A campaña “Axuda a vivir. Doa sangue e planta unha árbore”, realizouse coma é habitual na cidade de Ourense entre os días 14 e 19 do mes de xullo, tivo un bo índice de participación, acadando un total de 278 doazóns de sangue, das que o 18% (50 doazóns) correspondíanse con cidadáns que efectuaban a súa primeira doazón de sangue.

PRESIÓN POLÍTICA

Manifestación contra a destrución do territorio



Amigos da Terra que forma parte da plataforma "**Galiza non se Vende**" participou na manifestación, celebrada en Santiago de Compostela o 17 de febreiro, contra a destrución do territorio, o cal é ameazado por intereses económicos que destrúen os recursos naturais.

Tamén, o 19 de decembro, apoiamos a manifestación pola defensa do territorio e calidade de vida na comarca de Redondela, denunciando a problemática que afecta a esta vila sobre a construción de autovía, AVE, recheos, canteiras, etc...

Andaina reivindicativa polo Bidueiral de Montederramo

Realizouse unha andaina polo Bidueiral de Montederramo na Serra de San Mamede o 1 de xuño. Esta actividade estivo organizada por **Amigos da Terra** dentro do Programa "Maio Xove" da Casa da Xuventude de Ourense. Esta andaina levouse a cabo co fin de reivindicar a necesidade de supresión do valado cinxético que foi instalado fai cinco anos e para recoller probas do estado actual.



Camiñouse pola Serra de San Mamede coñecendo varios ecosistemas de montaña e pola tarde percorreuse o Bidueiral de Montederramo, que está catalogado coma LIC (lugar de importancia comunitaria)

dentro da Rede Natura 2000 e é considerado coma o bidueiral mais importante localizado

ao sur de Europa e un dos bosques autóctonos mellor conservado da provincia de Ourense.

II Xornadas Forestais - Medioambientais

Dentro do programa organizado polo Concello de Coles, o 8 de novembro **Amigos da Terra** realizou un obradoiro práctico sobre compostaxe no medio rural.

ÁREA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

A cooperación ao desenvolvemento representa para **Amigos da Terra** un pilar importante, xa que exemplifica dun xeito claro que a degradación do medio ambiente constitúe unha forma de privación de capacidades que afecta directamente á calidade de vida das persoas. Polo cal, é preciso que os proxectos de cooperación ao desenvolvemento incorporen transversalmente desenvolvemento humano e sostenibilidade como conceptos indivisibles.

O enfoque que desde o seus comezos **Amigos da Terra** lle da a cooperación permitiu ao longo destes anos acadar logros importantes nos procesos de desenvolvemento, entre eles podemos mencionar: planificación participativa de áreas protexidas, visión multidimensional de desenvolvemento, implicación de todos os actores (gobiernos locais, comunidade, institucións públicas, etc.), participación de todos e todas os beneficiarios/as en todas as fases do proxecto, elaboracións de plans de ordenamento de áreas protexidas, apoio á xestión descentralizada de áreas protexidas e educación para o desenvolvemento, eixe fundamental a todas as fases dun proxecto.

Este ano 2008, **Amigos da Terra** plantexouse dar un paso máis cara a cooperación, de xeito que, o que buscamos foi a consolidación a través de dúas liñas: por un lado maior difusión das accións tanto a nivel interno como externo e por outro a ampliación a Honduras, de cara a cubrir todo o Golfo de Fonseca e incidir na mellora das poboacións de pescadores artesanais.

Para entender mellor cales foron os alcances, separaremos en dúas liñas de acción o traballo en cooperación:

1. Difusión e Sensibilización.
2. Consolidación no Golfo de Fonseca.

1. DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN

Na actualidade, atopámonos nun momento de gran crecemento do terceiro sector e de sensibilización social na nosa Comunidade Autónoma. Tanto a sociedade civil como a administración autonómica teñen incluída nas súas axendas a Cooperación ao Desenvolvemento. É así que estamos no momento xusto para conseguir chegar a poboación e facerlla un elemento crítico e activo da cooperación galega. Descrición das accións de sensibilización e presión política levadas a cabo.

Accións de Sensibilización

Foro de ONGD en Santiago de Compostela



Un ano máis **Amigos da Terra** colaborou na feira de ONGD organizada polo concello de Santiago, neste foro participaron as seguintes Organizacións:

Asemblea de Cooperación Pola Paz, Axuda en Acción, Bicis pola Paz, Cáritas, Coopera, Coordinadora Galega de ONGD, Cruz Vermella, Educación sen Fronteiras, Entreculturas - Fe e Alegría, Enxeñería Sen Fronteiras, Farmacéuticos Mundi, Foro de Inmigración, Fundación Ropka, Galicia Paz y Desarrollo, InteRed, Intermon Oxfam, Mans Unidas, Médicos do Mundo Galicia,

Médicos Sen Fronteiras, Mi Peru, Panxea Asociación de Comercio Xusto, Seminario Galego de Educación para a Paz, e Terra de Homes.

Neste ano, ademais de contar cunha mesa informativa tamén realizamos un obradoiro que relacionaba o tema do cambio climático e a pobreza, e cantos kilos de CO2 emitía cada pais segundo o consumo de recursos.

Seminario de Cooperación para a Conservación

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación de Galicia organizou o Seminario de Cooperación para a Conservación co obxectivo de pór sobre a mesa os retos e desafíos sobre a cooperación na conservación da biodiversidade. **Amigos da Terra** neste caso, presentou os proxectos de conservación que nos últimos anos desenvolveu en Latinoamérica e púxose de manifesto que a conservación por si soa non é viable xa que as comunidades dependen dos recursos naturais polo cal é preciso facilitar alternativas de aproveitamento.

Simposio de Antropoloxía e Cooperación

Desde o área de cooperación participamos tamén no “Simposio de Antropoloxía e Cooperación”, realizado na Facultade de Antropoloxía de Ferrol. Entre os obxectivos do simposio estaban: discutir problemas actuais da cooperación ao desenvolvemento, sobre a base dun conxunto de aportacións con carácter paradigmático, algunhas de tipo teórico e outras relativas a casos concretos e prácticos, levadas a cabo desde diversos campos do saber, aínda que cunha contribución especial do campo antropolóxico. E tamén, crear un espazo de encontro entre os antropólogos e o ámbito universitario en xeral cos axentes da cooperación, para a discusión, o debate e o transvase recíproco de experiencias e ideas. **Amigos da Terra** fixo unha presentación da asociación e explicou as metodoloxías que empregaba para desenvolver os proxectos de cooperación ambiental.

Charla “Outro Mundo é Posible”

Desde a Oficina de Voluntariado da Universidade de Coruña invitáronos a participar impartindo unha charla sobre a nosa experiencia en cooperación.

Foro debate sobre voluntariado en Cooperación

Desde o Consello da Xuventude de Galicia creouse unha comisión co obxectivo de falar sobre temas de cooperación internacional, para o cal quixeron contar con **Amigos da Terra** e deste xeito, intercambiar mecanismos que faciliten un voluntariado en cooperación eficiente e que sirva para dar exemplo as sociedades dos países desenvolvidos, da situación que viven os países empobrecidos. A nosa postura é, que o voluntariado en cooperación non son “vacacións pagadas”, polo que as persoas que participen desde tipo de formación ten que buscar contribuír á mellora de algunha situación que nese momento este ocorrendo e por suposto ten que ter como mínimo tres meses de duración, para poder empaparse da situación e logo poder transmitir o mensaxe de xeito adecuado.

Encontro de Cooperación Local Brión

A Coordinadora Galega en colaboración co Fondo Galego de Cooperación organizaron un encontro de cooperación local no que **Amigos da Terra** participou a través dunha mesa de redonda sobre “O Papel das ONG Galegas na cooperación Local: Desafíos”, aportando a nosa experiencia.

Foro da Cooperación Galega

Estivemos presentes no primeiro Foro de Cooperación Galega, no que se fixo unha primeira avaliación dos obxectivos do Plan Director de Cooperación. Os resultados, colgáronse na web de **Amigos da Terra**, pero en xeral as conclusións do foro din que avanzamos moito na cooperación, pero que temos que mellorar en canto aplicación das políticas ou directrices. Por exemplo, dentro do plan director de cooperación se establece o medio ambiente como prioritario, pero na realidade, á hora de que as ONGD presenten proxectos de cooperación este tema non se ten en conta.

Campaña Pobreza Cero



A maior mobilización na que vimos participando desde o ano 2005.

Obxectivo: implicar a todos os sectores da sociedade para loitar contra a pobreza, dun xeito urgente, definitivo e eficaz. No ano 2000, 189 xefes de estado e de goberno asinaron os **Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM)**.

Acción desenvolvida: Desde a Coordinadora Galega de ONGD se organizou a **Semana contra a pobreza** que se celebrou en varias cidades de Galicia. En Ourense, **Amigos da Terra** foi a responsable de coordinar as accións. Nesta cidade participaron cinco entidades, Amarante, Solidariedade Internacional, Partido por un mundo mais xusto, Verdegaiia e **Amigos da Terra**. As **actividades** que desenvolvemos na semana se resumen no seguinte:



Charla “Modelos de desenvolvemento turístico e experiencias prácticas aplicadas desde a cooperación”. Demetrio de Carvalho, Representante de Amigos da Terra Timor Leste e premio Goldman. Salón de graos da Facultade de Empresariais e Turismo.

Colaborou a Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada (ALGA)



“Día Mundial da Alimentación.” Acción reivindicativa contra os Agrocombustibles, **“Antes comestibles que combustibles.** Concentración fronte a Subdelegación de Goberno, entrega de informes por rexistro as Consellerías de Medio ambiente e Medio Rural.

Mesa Informativa, recollida de sinaturas e exposición de paneis sobre comercio xusto na Rúa do Paseo.

Todas estas actividades **pecháronse cun acto central en Galicia, tratouse dunha manifestación que tivo lugar en Vigo, o sábado 18, a partir das 12.30 h.** A manifestación comezou o seu percorrido na Praza da Independencia e rematou na Praza da Constitución.



A provincia de Lugo foi a protagonista das accións de sensibilización. Deste xeito, desprazámonos por once institutos da provincia impartindo charlas sobre cooperación ambiental, facendo dinámicas sobre desenvolvemento sostible e facendo degustacións de produtos de comercio xusto para achegar a poboación a alternativas solidarias. Os resultados foron moi satisfactorios, xa que o rapaces e rapazas estiveron participativos, creáronse debates interesantes e puideron coñecer o traballo de **Amigos da Terra** en cooperación.



Ademais, a visita aos proxectos contribuíu dun xeito máis práctico a que a persoa responsable de cooperación asumira e entendera as accións que se están a levar a cabo, ademais de coñecer directamente aos beneficiarios/as e os resultados que se estaban acadando. Deste modo á hora de falar con posibles financiadores ou de presentar os resultados das accións, a explicacións ten máis credibilidade.

As accións desenvolvidas en canto a reunións institucionais e de presión política

Mantivemos reunións con diferentes representantes da Administración, como a Consellería de Pesca, para expoñer o noso traballo e analizar posibles vías de colaboración. Segundo o responsable de cooperación de dita consellería, temos bastantes oportunidades, xa que o traballo que desenvolvemos cos pescadores pareceulles interesante, polo que se quedou que para o ano próximo podamos pensar nunha proposta.

Estivemos reunidos ca Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co fin de intentar aunar esforzos para que o medio ambiente sexa realmente incluído na cooperación. Deste xeito, para o ano 2009 realizaremos un curso práctico entre ONGD e asociacións ecoloxistas, ademais contaremos coa colaboración da Axencia Española de Cooperación e Desenvolvemento (AECID).

Por fin, e despois de varias reunións mantidas coa Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago este ano estamos incluídos na X edición do “Máster en Xestión da Cooperación Internacional e de ONGD”. Para o ano 2009 está contemplado impartir un obradoiro sobre a cooperación ambiental. Ademais, tamén estamos como colaboradores no “Curso de especialización sobre cooperación ao desenvolvemento e xestión das ONGD” da Universidade de A Coruña. En ambos, os alumnos poderán facer prácticas en **Amigos da Terra**.

Para mellorar a nosa comunicación e que a difusión da cooperación ambiental chegue á maior parte de Galicia, mantivemos reunións ca **Asociación Galega de Reporteiros Solidarios** (AGARESO), entidade conformada por persoas especialistas na comunicación. O obxectivo é establecer un convenio de colaboración co fin de mellorar a difusión do traballo en cooperación, a través dunha visita *insitu*, de xeito que a través de imaxes fotográficas, vídeos, blogs, exposicións se lle dea máis visibilidade en Galicia aos proxectos que desenvolvemos no Golfo de Fonseca. Así mesmo, deixar de manifesto que **a erradicación da pobreza a través dunha xestión integral do medio ambiente, é clave para conseguir que as comunidades empobrecidas melloren a súas condicións de vida.**

2. CONSOLIDACIÓN NO GOLFO DE FONSECA

Amigos da Terra leva desde o ano 2004 desenvolvendo accións de xeito illado nos países que comparten o Golfo de Fonseca, co obxectivo de ir sentando as bases para traballos futuros, é así que no ano 2008 nos plantexamos aunar esforzos e abordar os problemas dunha maneira conxunta a través do proxecto trinacional “Promovendo a conservación dos recursos mariños costeiros e o incremento de beneficios da pesca artesanal no Golfo de Fonseca”. O proxecto, ten por finalidade a mellora da calidade de vida das familias de pescadores que habitan no Golfo de Fonseca e o obxectivo central é mellorar os ingresos dándolle valor agregado aos produtos mariños costeiros a través dunha mellora da calidade do produto e acurtando a cadea de comercialización. Todo isto, contemplando unha efectiva participación da muller, aumentando e afondando nas capacidades locais de pescadores artesanais e as súas comunidades, fortalecendo a institucionalidade dos grupos locais de pescadores xa existentes e proporcionando ferramentas que faciliten o logro destas metas.

Os obxectivos que se plantexaron foron:

- Mellorar a calidade de produtos pesqueiros a través da capacitación e equipos requiridos para o manexo e procesamento adecuado do peixe, e incorporar a produción local ao mercado utilizando cadeas de comercialización organizadas. A muller participa en todos os niveis do proceso.
- Fortalecer as institucións da sociedade civil do Golfo de Fonseca para incidir na integración trinacional no marco do Acordo de Managua. (Paz, Seguridade, Desenvolvemento Sostible)
- Fortalecer o sector pesqueiro con créditos rotativos que promoven o uso de equipos e artes de pesca, de acordo coas regulacións técnicas e legais e contribuír á conservación dos recursos naturais.

É importante facer notar a relevancia do proxecto, porque contribúe á integración do Golfo de Fonseca, onde os organismos da sociedade civil participan activamente en todo o proceso e, xa que é a primeira vez que se presenta unha proposta con estas características. Grazas a este proxecto conseguíuse que se abriera unha oficina en Honduras, de xeito que poidamos incidir nos problemas dunha forma mais ampla.

Os resultados acadados ata o momento céntranse:

1. Pescadores organizados e inscritos legalmente.
2. Realizadas capacitacións en temas de administración de cooperativas, lei de pesca, etc.
3. Maior control cara a prácticas inadecuadas e roubo de embarcacións.
4. Estudio de mercado para avaliar posibilidade cara á capital e non só a nivel local
5. Construción dun centro de acopio onde todos os asociados poidan depositar os seus produtos de maneira que se poida eliminar os intermediarios e págueselles a todos o

mesmo.

6. Delimitación das áreas que se protexerán, seleccionando aquelas comunidades segundo o grao de organización e compromiso para o manexo de áreas de interese.

7. Contratación dun equipo de guardarecursos.

8. Intercambio de experiencia trinacional

Podemos concluír, que este ano 2008 foi importante na consolidación da área de cooperación. Logramos chegar polo menos a tres provincias de Galicia: Lugo, Coruña e Ourense e conseguimos ampliarnos a Honduras e centrar como principal ámbito de actuación o Golfo de Fonseca. Estamos avanzando cara a ser un referente en cooperación ambiental, o único que nos queda, é o máis difícil, conseguir que a cooperación ambiental sexa considerada clave e aplicada por todas as ONGD e a Administración, e polo que traballaremos o próximo ano 2009.

SERVIZO DE ASESORAMENTO XURIDICO

O servizo de asesoría xurídica ten un marcado carácter proteccionista. A protección legal do medio ambiente xa non é unha novidade que goce da impunidad por descoñecemento, xa que non é posible desculpar o dano acometido por administracións ou empresas ao medio ambiente baixo a feble xustificación da ignorancia. Incluso a cidadanía, xa dispón de mecanismos axeitados para a defensa xurídica do entorno.

Que supón este coñecemento por todos os axentes susceptibles de causar un dano, en moitos dos casos, irreparables ao medio ambiente? Adquirir un maior grado de compromiso e concienciación en aras á protección ambiental. Para todo isto, xogou un papel primordial o traballo desenvolvido ao longo do 2008 polo servizo xurídico de **Amigos da Terra**.

Logo da publicación do **Manual Xurídico**, elaborado coa finalidade de dar á cidadanía a información precisa para denunciar agresións ao medio, o principal proxecto deste ano foi a implementación práctica dos contidos do Manual. Realizamos 4 **Seminarios prácticos sobre lexislación ambiental**, destinados a dar formación e asesoramento ao persoal de **Amigos da Terra**, isto é, técnicos/as, socios/as, voluntarios/as e colaboradores, aínda que, en xeral estaban abertos para que calquera cidadán se achegara a eles sen ter previa vinculación coa asociación posto que durante os mesmos, facíase entrega de material, tanto xurídico como o relacionado coa asociación.

Ademais, activamos un novo servizo na web de **Denuncia electrónica**, coa posibilidade de que o denunciante puidese achegar fotografías do denunciado como medio probatorio, o que lle facilita ao servizo xurídico, información primordial para achegar ás denuncias.

Ao longo de todo o ano, interpuxéronse denuncias e proporcionouse información xurídica a quen a demandou, como unha das actividades principais e irrenunciáveis do servizo. Nembargante, o ano 2008 veuse caracterizando por **accións novidosas**, complementarias das anteriores e tan importantes como aquelas.

Neste senso, **ampliouse a comunicación** de cara ao exterior. A páxina web, recibiu 55 novas de carácter xurídico. A finalidade é, non so a de manter informada á cidadanía, se non crear unha postura crítica asociativa que sirva de canle de sensibilización e concienciación mantendo, igualmente, como común denominador a reivindicación en todas elas.

La Voz de Galicia.es

Amigos da Terra y el eurodeputado de Los Verdes denuncian el trazado de la A-76 por A Lastra ante la UE

La Voz
9/10/2008

Unha parte destas novas da web, foi tamén publicada en formato papel (29 comunicados enviados. Véase dossier de prensa) e foron motivo de entrevista en medios radiofónicos, na súa maioría e, en menor grado, en medios audiovisuais (20 intervencións en total). O emprego da canle comunicativa é outro xeito de ver a denuncia de **Amigos da Terra**, tan importante como a que se fai seguindo o formato xurídico.

Ampliouse a participación de **Amigos da Terra** nas novidades xurídicas propostas polo goberno galego e premendo para levar á práctica o fomento da participación pública que regula a Lei 27/2006, de participación pública en plans e programas que inciden directa ou indirectamente no medio ambiente. E así, colaborouse estritamente na elaboración do anteproxecto da **Lei de montes**, advertindo da falta do carácter ambientalista do mesmo (aínda por publicar) e no **Plan de Xestión do Lobo**, premendo para que este deixara de ser unha especie cinexética e polo tanto susceptible de ser cazada e susceptible de desaparecer (plan publicado con data 20/01/2009).



En diferentes xuntanzas e reunións, o departamento xurídico logrou afianzar alianzas con outros grupos e asociacións que traballaron ao longo do ano na defensa legal do medio ambiente. Ecoloxistas en Acción (Madrid), cuxo asesor xurídico é Jaime Doreste, mantén con **Amigos da Terra** unha forte relación en aras á protección xurídica e ambiental. O traballo en rede conságrase coma unha necesidade preponderante nos nosos días capaz de liderar o sector, reivindicando o cumprimento das normas ambientais fronte aos despropósitos administrativos, empresariais e poboacionais.

Así que, pondo en común esta ampla necesidade, **Amigos da Terra**, xunto con outros grupos ecoloxistas (*Deamiticia*, *ACIMA*, *Ecoloxistas en Acción*, *Juristas contra el ruido*, entre outros) participou de primeira man na creación da **Rede de Avogados pola Defensa Ambiental (RADA)** cuxo nacemento ten a súa orixe na necesidade tratada en maio en Bruxelas no encontro organizado polo grupo de Los Verdes ao Parlamento Europeo, (**Amigos da Terra** é convidada por segunda vez).

RADA é a primeira rede integrada por xuristas que ofrecerá asesoramento gratuíto ás organizacións ambientalistas sen ánimo de lucro, para asistir ás mesmas en caso de procedemento xudicial aberto para encausar delitos ecolóxicos. Na actualidade, mantense unha ampla comunicación e asesoramento entre os avogados e xuristas integrantes da mesma, o que permite a **Amigos da Terra** respaldar o seu traballo xurídico e chegar a estratos como Europa dunha forma máis fundamentada por canto se actúa como grupo de presión reivindicando o recoñecemento e cumprimento da normativa ambiental. A rede ten carácter estatal.

Seguindo co afianzamento de relacións de **Amigos da Terra**, tamén se creou, coa nosa participación, a **Plataforma “Galicia, mellor sen touradas”**, idea orixinaria do grupo animalista Libera!, co cal se levaron a cabo varias accións e denuncias ao longo do ano pola ampliación da protección xurídica dos animais.





Neste senso, tamén se fixeron diferentes colaboracións coa **Plataforma “Autovía de Redondela NON, GRAZAS”** a través da cal se interpuxeron alegacións ao proxecto de construción da autovía e se deu asesoramento xurídico a algúns dos grupos integrantes.

Denuncias

En canto á temática predominante nas **denuncias**, esta foi, como todos os anos, variada. Trátase de dar unha cobertura xeral a todos aqueles temas susceptibles de ser denunciados.



E así, dende o incumprimento do prazo de transposición de normativa ambiental europea ao ordenamento xurídico español, ata a presentación de alegacións á Ordenanza municipal de Ourense sobre a protección dos animais domésticos, pasando pola denuncia de escombrecas mal xestionadas por imprudencia ou dolosidade dos titulares das explotacións mineiras, por vertidos ilegais a ríos, destrucións en Rede Natura, quebrantamento das leis ambientais, falta de cumprimento das sancións administrativas impostas, falta do exercicio das accións administrativas legalmente establecidas, parques eólicos, caudais ecolóxicos, talas ilegais, vertedoiros indiscriminados, augas residuais sen tratar, construcións en espazos naturais protexidos, ausencia de licenzas e autorizacións,...Despropósitos todos eles, que danan ao medio ambiente e poñen en serio risco de extinción especies faunísticas e de flora, ameazan a auga limpa, destrúen consciencias, educando erroneamente e desculpando a empresas contaminantes coa impunidade.

As denuncias enviáronse aos organismos competentes na maioría dos casos integrados na Consellería de Medio Ambiente, aínda que non foi a única, pois as Consellerías de Industria e do Medio Rural foron algúns outros dos destinos aos que **Amigos da Terra** remitiu a súa “protesta” xurídica. Alegacións e queixas ao Valedor do Pobo, completan a listaxe de escritos que levan o selo da entidade ecoloxista a prol do medio ambiente.

A colaboración xurídico-ambiental de **Amigos da Terra** ampliouse coa participación no espazo virtual “[Actualidad Jurídica Ambiental](#). **Boletín de información sobre Derecho ambiental industrial**”, creado polo Doutor en Dereito Ambiental, José Pernas, mestre da facultade de Dereito de A Coruña e coordinador deste espazo onde se achegan leis, xurisprudencia e calquera outro tipo de comentarios de base xurídica e de obxectivo ambiental.

SERVIZO DE VOLUNTARIADO LOCAL

Para **Amigos da Terra**, é de gran importancia o voluntariado e somos conscientes dos grandes beneficios que pode aportar á sociedade en xeral así como, ao medio ambiente.

Desde o servizo de voluntariado encargámonos de xestionar, coordinar e fomentar a participación do voluntariado nos proxectos e actividades da asociación, co fin de fortalecer as diferentes áreas e para intentar conseguir aumentar a base social.

Os resultados foron un incremento no número de actividades desenvolvidas coa participación necesaria das persoas voluntarias.

Durante todo o ano, foi imprescindible a colaboración do voluntariado nas diferentes campañas organizadas dentro das áreas. Entre estas campañas podemos citar: Campaña "Axuda a vivir: doa sangue e planta unha árbore", Campaña "Un café xusto, por favor", Campaña SOS Clima, Campaña "Zonas Libres de Transxénicos", Campaña Pobreza Cero, e Campaña de prevención de residuos.

Así mesmo, cabe destacar a participación activa do voluntariado da asociación nas actividades que se realizaron para celebrar as diferentes efemérides e xornadas ambientais que se levaron a cabo.

Neste ano tivemos un grupo de voluntariado activo que se centraron na sensibilización pola defensa dos animais e contra o maltrato animal, realizando labores de ecovixianza nas tendas de animais. Ademais, contamos cun grupo de "voluntariado virtual" que realiza principalmente tarefas de tradución de textos.

Para conmemorar o "Día Internacional do Voluntariado" e mostrar o noso agradecemento as persoas voluntarias que colaboran con nós, realizamos un encontro para todas as persoas voluntarias e tamén asociadas de **Amigos da Terra** no Centro de Educación Ambiental As Corcerizas na primeira fin de semana de setembro.

Participouse na III Edición do Congreso Galego de Voluntariado: "Voluntariado en acción" que tivo lugar no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago o 10 de Abril. Estivemos presentes cun posto no que se informaba as/aos asistentes sobre os proxectos que estamos a desenvolver e nos que participa o voluntariado de **Amigos da Terra**, así mesmo, participamos nunha mesa redonda sobre voluntariado ambiental.

Por último, estívoase colaborando cos responsables de voluntariado de Amigos de la Tierra, mediante traballo en rede e, levouse a cabo no mes de decembro unha reunión na sede estatal de Madrid para tratar de propor accións conxuntas e establecer unha coordinación entre os diferentes grupos locais de Amigos de la Tierra.

SERVIZO VOLUNTARIADO EUROPEO

En **Amigos da Terra**, vimos participando dende o ano 2000 no Programa Xuventude en Acción da Unión Europea, desenvolvendo diferentes iniciativas dirixidas aos mozos e mozas de 18 a 30 anos, especialmente dentro do ámbito do Servizo Voluntario Europeo.

O **Servizo de Voluntariado Europeo** (EVS) é unha iniciativa da Unión Europea que ofrece a posibilidade de participar nun proxecto de voluntariado durante un período de seis meses a un ano. Os mozos e mozas poden colaborar nunha entidade de calquera país da Unión Europea desenvolvendo proxectos de temáticas diversas que van desde a protección do medioambiente, ata a integración social, conservación do patrimonio, o desenvolvemento de actividades para a mocidade, realización de actividades culturais, deportivas...

Concibido como un servizo de aprendizaxe no ámbito non formal, o SVE permítelle á xuventude voluntaria mellorar ou adquirir competencias para o seu desenvolvemento persoal, educativo e profesional, así como para a súa integración social. Por iso, o seu principal reto é desenvolver a solidariedade e promover a tolerancia entre a mocidade.



Durante o pasado ano 2008 estiveron colaborando e participando nos diferentes proxectos de As Corcerizas e **Amigos da Terra** os/as seguintes voluntarios/as: Elodie Caradec de Francia, Patrizia Postiglione de Italia, Lionel Tayemans de Bélxica e Tiina Leminen de Finlandia. Actualmente contamos con Cecilia Phelippe de Francia e Alison Moore de Reino Unido que colaboran nas diferentes actividades e campañas de **Amigos da Terra**.

Dende **Amigos da Terra** tamén xestionamos voluntarios/as de envío, ao longo de todo ano realizaron un proxecto de voluntariado europeo dúas persoas en Italia e no Reino Unido, e actualmente están realizando o seu proxecto de voluntariado europeo outras dúas en Alemaña e en Lituania.

Así mesmo, realizamos tarefas de busca de interlocutores/as cos que poder colaborar para intercambiar voluntarios/as, así como tamén facilitar tarefas de difusión e promoción sobre o programa Xuventude mediante conferencias e charlas, para informar aos mozos e mozas interesados sobre as diferentes accións e que poidan participar neste programa.

Tamén dentro do Programa Xuventude participouse en diferentes avaliacións do Programa Xuventude organizadas pola Axencia Nacional, no mes de outubro fomos invitados a participar nun encontro internacional de ex-voluntarios onde presentamos a nosa experiencia do servizo voluntariado europeo e ademais participouse nun encontro internacional de xuventude en Nantes (Francia).

GRUPO COMARCAL DE PONTEVEDRA

O grupo comarcal de Pontevedra está constituído desde hai tempo como un grupo activo de **Amigos da Terra**, que ano a ano vaise consolidando coa chegada de novos socios/as e voluntarios/as do entorno. Un dos obxectivos prioritarios da asociación para o 2009, seguindo as liñas marcadas no Plan Estratéxico, é aumentar o apoio ao grupo e reforzar o seu traballo.

Ademais da participación nas campañas e actividades das diferentes áreas, os membros do grupo comarcal de Pontevedra tiveron un peso fundamental nas seguintes campañas e accións:

- Campaña “Doa sangue e planta unha árbore” en Vigo
- Campaña “Un café xusto, por favor” en Vigo, Lalín, Rodeiro, Cangas e Bueu.
- Accións no “Día Mundial do Comercio Xusto” en Vigo
- Accións na “Marcha Mundial das Mulleres” en Vigo
- Andaina Reivindicativa Bidueiral de Montederramo, Serra de San Mamede en Ourense
- Colaboracións co Servizo de Asesoría Xurídica en diferentes temáticas. Cabe destacar o traballo en rede coa **Plataforma “Autovía de Redondela NON, GRAZAS”**, a través da cal se interpuxeron alegacións ao proxecto de construción da autovía e se deu asesoramento xurídico a algúns dos grupos integrantes.

CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS

Un Referente A Nivel Galego e Estatal

O **Centro de Educación Ambiental As Corcerizas** foi considerado dende a súa creación coma un equipamento **pioneiro en Galicia**, ao ser construído baixo criterios de bioconstrucción e estar abastecido por fontes de enerxía renovable.

A confianza no proxecto, o grande empeño e adicación demostrada por **Amigos da Terra** durante os 6 anos que leva ao fronte da súa xestión, fixo posible manter e mellorar esta posición destacada, sendo a día de hoxe recoñecido coma un **referente a nivel estatal** para o futuro deseño de equipamentos de Educación Ambiental.

Conta cunha **valoración de 4 estrelas**, sobre un máximo de 5, na “Guía dos equipamentos para a Educación Ambiental na Galiza e doutras instalacións para a divulgación do Patrimonio” escrito por Araceli Serantes Pazos, profesora asociada da Universidade de A Coruña e experta en equipamentos para a educación ambiental.

Un Proxecto Educativo Serio e Comprometido

O proxecto educativo de As Corcerizas é unha **aposta seria e contrastada por unha Educación Ambiental de calidade**. Non soamente en base a aportar información senón tamén, e sobre todo, a proporcionar **experiencias directas e persoais** que impliquen aos e ás participantes na problemática ambiental, e que se traduzan en comportamentos e actitudes responsables para ser parte da súa solución, na busca dunha sociedade baseada nos principios da sostibilidade.

Cabe destacar, que este proxecto foi elaborado por un equipo multidisciplinar de profesionais do sector, quen se interesaron por coñecer de primeira man o equipamento para a súa redacción, implicándose na súa posta en marcha e participando actualmente no seu crecemento.

A coherencia do equipamento co proxecto educativo

A calidade na educación ambiental é unha inquietude presente en diversos eidos dende fai anos, adquirindo co paso do tempo un peso especial no sector dos equipamentos. É sen lugar a dúbidas un **valor en alza** cada vez máis prezado e esixido polas entidades e persoas máis sensibilizadas da nosa sociedade.

É salientable que o propio equipamento resulte un **recurso educativo en se mesmo**, sendo un referente na implantación duns criterios que conxugan dun lado as necesidades do desenvolvemento produtivo de calquera país, e doutro, os imprescindibles criterios de sustentabilidade cara os que temos que ir, sen renunciar aos niveis de benestar acadados ata agora.

A sociedade precisa **exemplos de viabilidade** que sinta como factibles e próximos, debendo existir unha coherencia entre as actividades e o equipamento.

As Corcerizas, é a demostración real dunha serie de alternativas posibles para poñer freo aos problemas ambientais que afectan ao noso entorno local e global, facéndonos conscientes de que existen solucións próximas e que debemos formar parte delas.

Proxecto con traxectoria e recoñecemento no sector

Ao longo dos 6 anos que **Amigos da Terra** leva ao fronte da xestión, ademais de poñer en marcha o proxecto educativo e mellorar as instalacións, invertéronse grandes esforzos na divulgación do equipamento.

Conscientes da singularidade das súas características e da importancia de dar a coñecer o labor que se estaba realizando, presentáronse **comunicacións** en diferentes congresos e cursos internacionais; participouse activamente en xornadas, foros e encontros vinculados ás enerxías renovables, bioconstrucción e educación ambiental, ademais de **publicar artigos** en boletíns e revistas especializadas do sector.

A día de hoxe **As Corcerizas** é xa un equipamento recoñecido, e aínda que en constante crecemento, é considerado como referente para a posta en marcha doutras iniciativas e como exemplo de coherencia e alternativa para afrontar a crise global e local do cambio climático.

EQUIPAMENTO

Construción baixo criterios bioclimáticos, utilizando técnicas e materiais de bioconstrucción. autosuficiencia enerxética de todas as instalacións a partir de diversas fontes de enerxía renovable (solar térmica, solar fotovoltaica, eólica, microhidráulica, biomasa), e reciclaxe da materia orgánica a través da compostaxe e da vermicompostaxe.



Ademais, a implantación do innovador sistema de depuración biolóxica das augas residuais mediante a utilización de plantas (macrofitas), deu como resultado unha case total autosuficiencia na xestión dos residuos.

Ao longo do ano 2008 leváronse a cabo algunhas melloras no equipamento:

Mellora nos accesos: construción de escaleiras de acceso á aula.

Mellora nos edificios da aula e comedor: illamento térmico; tratamento das madeiras con aceites naturais; recubrimento das chemineas.

Mellora na infraestrutura e servizos do albergue: renovación do solo da entrada; novo mobiliario na enfermería; tablón de exposición no exterior para anunciar as actividades.



Mellora no sistema de depuración F.M.F. A implantación do sistema de depuración biolóxica das augas residuais nun entorno natural, soportando variacións de usuarios/as ao longo do ano, e desenvolvéndose baixo condicións climáticas variables, é o mellor xeito de demostrar que esta tecnoloxía é adecuada para diferentes poboacións do rural. O sistema de As Corcerizas é o primeiro implantado en alta montaña, polo que require dunha maior atención e seguimento para incorporar as melloras que se van descubrindo en torno a esta nova tecnoloxía. Este ano introducíronse uns sistemas máis eficientes para a flotación das plantas, conectáronse as balsas e tamén se fixeron novas plantacións, co obxectivo de aumentar a superficie de depuración. Esperamos que estas melloras se deixen ver nos resultados do próximo ano.

O total de persoas que gozaron do equipamento e as actividades ascendeu a 1.350 ao longo deste ano 2008.

SERVIZO DE ALBERGUE

A función do albergue de As Corcerizas non se basea soamente en proporcionar un servizo de aloxamento de calidade, se non que o seu fin último segue sendo educar ambientalmente desde a experiencia vivida. Ademais de poder comprobar o funcionamento das instalacións e ser conscientes de que se atopan ante unha alternativa viable, damos a coñecer a misión de Amigos da Terra e as áreas nas que traballa a asociación.



Durante o ano 2.008, o albergue estivo en funcionamento todo o ano, cun total de 40 pernoctacións e 400 persoas (aproximadamente 1/3 do total de visitantes durmiron no albergue). O servizo de albergue, estivo en funcionamento para grupos organizados, xa que finalmente non tivemos a capacidade suficiente para cubrir as demandas individuais.

ACTIVIDADES

O ano 2.008 viu marcado por unha consolidación dos programas postos en activo no 2007 e polo deseño e implantación dun novo programa educativo específico para público adulto. Tamén cabe sinalar que, en todas as actividades que se desenvolveron en As Corcerizas, unha vez máis, cumpriuse o ratio recomendado de 1monitor/a por cada 12 participantes.

Programas de Educación Ambiental

A primavera é a estación adicada aos escolares. Este ano, seguindo un dos obxectivos prioritarios de **Amigos da Terra**, incorporamos un novo programa dirixido a adultos/as. En total desenvolvéronse **tres programas** específicos de Educación Ambiental:

- **Sentir, Coñecer, Actuar.** programa escolar dirixido a primaria, secundaria e escolas rurais unitarias da provincia de Ourense.

En activo de marzo a maio, actividades sobre enerxías renovables, residuos, coñecemento do medio, cooperación,... encheron de contido e experiencias prácticas os diferentes tipos de xornadas temáticas que conforman o programa.

Co obxectivo final de lograr unha actitude de conservación a través da sensibilización e do coñecemento, fortalecendo ou creando unha conciencia ambiental, o programa tivo un grande éxito, beneficiando a 512 rapaces/zas de 15 centros escolares, que seguro estarán desexosos/as de repetir nesta terceira edición xa en funcionamento.



- **A Ciencia como ferramenta de Educación Ambiental. Claves para un Desenvolvemento Sustentable**

Programa de Educación Ambiental dirixido a adultos/as, especialmente ao sector universitario e estudantes de ciclos formativos. Os contidos foron encamiñados a amosar a educación ambiental como ferramenta ou posible saída profesional, mostrando a realidade das enerxías alternativas, bioconstrucción e sistema de depuración biolóxica das augas residuais, e a súa utilización como recursos científicos de Educación Ambiental. Tamén tratouse a problemática dos residuos, debatendo e reflexionando sobre as alternativas viables para a súa xestión.

Participaron neste programa:

- 2 cursos da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo
- O equipo do obradoiro de emprego Marín II
- 1 curso da Facultade de Educación de Ourense

- 2 grupos de cursos de Educación Ambiental impartidos por outras entidades.

Un total de 115 persoas de entre 18 e 40 anos.



Obradoiro de emprego Marín. 14 Abril 2008



Facultade de Bioloxía. 17 Outubro 2008

- **Aplicación de Metodoloxías Científicas para a Conservación do Medio.**

Programa dirixido a escolares da E.S.O., de centros de toda Galicia.

Nas xornadas tratouse a importancia da metodoloxía científica para a obtención de información sobre o medio, e levouse a cabo unha **recollida de datos** mediante a aplicación de protocolos específicos. Conformáronse **grupos de traballo** sobre as seguintes temáticas: flora e fauna, solo, auga e atmosfera.

A segunda parte da xornada adicouse á posta en común e obtención de conclusións. Mediante exemplos, as explicacións dos/as monitores/as e algúns xogos cooperativos de reforzo de contidos, obtivemos as conclusións e relacionamos a importancia do traballo feito coa busca de solucións para a mellora do entorno e a súa conservación. Un total de 140

rapaces/zas procedentes de A Coruña, Lugo e Ourense, participaron neste novo programa.



IES Palas de Rei. 15 Abril 2008

Visitas Guiadas polas Instalacións

O propio equipamento de As Corcerizas é un recurso educativo en se mesmo que atrae a multitude de xente. Este ano, particulares e entidades de diferentes eidos, quixeron tamén coñecer, por propia iniciativa, o funcionamento de As Corcerizas e o seu proxecto educativo.

- Asociación micolóxica Os Cogordos
- Fundación FOREM: curso de Educación Ambiental
- Concello de Vilar de Santos, Ourense
- Academia Auria: curso de Educación Ambiental
- Universidade de Vigo: Facultade de Educación, Ourense.
- Cruz Vermella de Verín: grupo de escolares
- Empresa Ekosol: curso instaladores/as de enerxías renovables

- Demetrio do Carballo: representante de Amigos da Terra de Timor Les.



Concello de Vilar de Santos. 26 Xuño 2008

Formación

- *Interpretación do Patrimonio.*

Un ano mais, **Amigos da Terra** apostou pola formación de profesionais en Interpretación do Patrimonio. O 28, 29 e 30 de novembro desenvolveuse en As Corcerizas o curso de **especialización Guía-intérprete de espazos naturais**.

Despois do éxito do curso de iniciación impartido o pasado outono, abriuse a oportunidade de continuar coa especialización no coñecemento de técnicas e metodoloxías para planificar, deseñar, desenvolver e avaliar actividades guiadas ou de contacto co público. Para logralo aplicáronse de xeito práctico os contidos tratados durante a fin de semana.



Curso Especialización Interpretación do Patrimonio.
28-30 Novembro 2008.



Impartiron: Antón Lois (Cooperativa Teixugo) e Diego Vázquez (Cooperativa Platalea), profesionais de recoñecida experiencia en Educación Ambiental e Interpretación do Patrimonio.

A pesar do temporal de neve, non houbo ningún impedimento para que todo fora un éxito e o curso se levara a cabo sen problemas. Grazas ao bo ambiente que se creou, ao bo funcionamento do equipamento e a implicación de todos/as os/as os/as asistentes.

- ***Orientación na montaña.***

Do 12 ao 14 de setembro desenvolveuse unha fin de semana “alternativa”, pretendendo dar unha oferta diferente de actividades para coñecer a montaña galega e achegar a todo tipo de público. O tema principal foi a formación en orientación, con contidos teóricos e aplicación práctica.

Os/as participantes aprenderon a orientarse a través de elementos naturais como o sol, a lúa ou as estrelas, e tamén coa utilización de mapas, compás ou incluso reloxo. A través de probas e da utilización de todos estes recursos conseguiron orientarse e desprazarse pola Serra de San Mamede.

A fin de semana se completou cunha actividade lúdica de relaxación e musicoterapia.

E tamén houbo tempo para coñecer o equipamento e o seu funcionamento, creando un gran interese e espazo de reflexión.



Orientación na montaña. 12-14 Setembro 2008

Roteiros Interpretativos pola Montaña

- ***Roteiro reivindicativo polo L.I.C. Bidueiral de Montederramo.***

A Serra de San Mamede resulta un enclave natural excepcional para coñecer a natureza e os recursos do L.I.C. Macizo Central Ourensán. A ubicación do centro e a súa proximidade con varios pobos típicos da montaña galega e outros elementos patrimoniais singulares, bríndanos a oportunidade de poder incorporar estas visitas en diferentes actividades que realizamos.

Pero sen dúbida, o L.I.C. Bidueiral de Montederramo, considerado por moitos/as coma o mellor bosque autóctono da provincia de Ourense, conta coa entidade suficiente para que cada ano fagamos, coa iniciativa da asesoría xurídica da asociación, un roteiro reivindicativo esixindo o derribe do tan polémico cercado cinexético. Este ano reuniuse un grupo de 35 persoas, que tamén aproveitaron para coñecer As Corcerizas.

- **Naturalmente Galiza: Camiñando ao son das montañas galegas.**

Durante catro fins de semana, en abril e maio, participamos no programa que organiza a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, *Naturalmente Galiza*. A reestruturación e novas actividades incorporadas no programa resultaron todo un éxito. Un total de 88 persoas puideron disfrutar da montaña a través dunha ruta polo Bidueiral de Montederramo. Coa colaboración da S.G.H.N. tamén ao longo da ruta se fixeron actividades sobre rastros e sinais de fauna. As fins de semana completáronse cun baño termal no balneario de Baños de Molgas, e cunha ruta a cabalo polos arredores de As Corcerizas.



Naturalmente Galiza. 23-25 Maio 2008

Campamentos

A aposta firme de **Amigos da Terra** por unha educación de alta calidade, a coherencia das instalacións e a profesionalidade da equipa, aportaron aos/ás nenos/as dos campamentos unha experiencia de alto valor, educándoos/as para vivir en coherencia e respecto nunha sociedade de futuro. Todas as actividades de achegamento á natureza desenvolvéronse cun dobre carácter: de serio compromiso ético e cunha metodoloxía lúdica e motivadora; proporcionando unha educación e información adecuadas ao grupo.



Campamento Concello Pontevedra. Xullo 2008

Na campaña de verán desenvolvéronse os seguintes campamentos:

18-20 de Xuño: **Colexio Virxe do Mar, Noia**; 30 rapaces/zas de 12 e 13 anos
 13-22 de Xullo: **Concello de Pontevedra**; 36 rapaces/zas de 9 a 11 anos
 25 de Xullo-3 de Agosto: **Concello de Pontevedra**; 36 rapaces/zas de 12 a 14 anos

Voluntariado

- **Servizo de Voluntariado Europeo**

Os/as voluntarios/as do servizo de voluntariado europeo que participaron co seu traballo e se implicaron no proxecto de As Corcerizas durante este ano foron **Lionel Tayemans** e **Tiina Leminen**.

Logo dunha avaliación, se determinou un novo perfil para o proxecto SVE en As Corcerizas. No 2009 as funcións irán encamiñadas a apoiar as tarefas de comunicación e de mantemento do equipamento.

- ***Voluntariado Local. Encontro de Fin de semana.***

Do 5 ao 7 de setembro os/as voluntarios/as, e algúns deles socios/as, de **Amigos da Terra** pasaron unha fin de semana en As Corcerizas de convivencia e traballo común, grazas ao que se realizaron importantes melloras no equipamento: restauración de madeira con tratamentos ecolóxicos, limpeza de camiños, arranxos na cuberta vexetal dos tellados, melloras no mobiliario do albergue, mantemento dos paneis fotovoltaicos... Tamén puideron coñecer a zona a través dun roteiro pola montaña e disfrutar de xogos, veladas e obradoiros.



Xuntanza voluntariado 5-7 setembro



DIFUSIÓN, PUBLICACIÓNS E PARTICIPACIÓN EN EVENTOS

- Gravación de vídeo divulgativo dentro da campaña europea sobre cambio climático SOS Clima. Friends of the Earth Europe.
- Gravación dunha reportaxe sobre o equipamento e proxecto educativo de As Corcerizas na Televisión de Galicia.
- Publicación de artigo sobre As Corcerizas no Boletín da “Asociación para a Interpretación do Patrimonio”.
- Publicación de artigo sobre As Corcerizas na revista “Cerna”.
- Publicación de reportaxe sobre As Corcerizas no periódico “Galicia Hoxe”
- Conferencia dentro do Curso de “Educación Ambiental y Cambio Climático”. Organizado polo Centro Nacional de Educación Ambiental. Segovia
- Conferencia dentro da Xornada de medio ambiente – proxecto de cooperación aprendendo da experiencia propia en PDR. Asociación de Desenvolvemento Rural. Proder II. Comarca de Pontevedra.
- Comunicación dentro da programación da Feira pola Soberanía Alimentaria. Organizada pola Marcha Mundial das Mulleres. Vigo
- Participación no Encontro de biólogos/as europeos/as e especialistas en Conservación da biodiversidade no Parlamento Europeo. Bruxelas.
- Participación activa como axente implicado no Plan de Desenvolvemento Sostible do Macizo Central Ourenzá. Plan OMOR . Promovido pola Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible.
- Participación no II Foro galego de Educación Ambiental organizado polo CEIDA.
- Participación na Comisión da Rede de Parques Naturais de Galicia.
- Participación na Feira do sol - Festa de verán. Organizada polo Concello de Santiago de Compostela.

CONCLUSIÓNS

Neste ano 2008 intentamos que As Corcerizas se vaia convertendo realmente nun **recurso educativo onde se desenvolvan tódalas políticas de Amigos da Terra**. E por iso que nos programas educativos se tratan tódalas áreas nas que traballamos: cambio climático, residuos, consumo responsable, cooperación ao desenvolvemento e conservación e usos da terra. Estamos seguras de que moitas das persoas que participaron este ano nos programas educativos van a ter unha actitude máis crítica e van a ser capaces de valorar un pouquiño máis as súas accións diarias e repercusións.

Seguimos intentando que o noso **público principal sexa adulto**, xa que na asociación valoramos a importancia de incidir principalmente en todo/a aquel/a que xa hoxe en día ten capacidade de decisión. Por iso intentamos orientar as actividades cara este público a través de novos programas, a vez que se foron consolidando os que xa levan en activo os últimos anos.

Esta é a visión na que seguimos traballando, é un proceso lento, pero que non deixa de crecer constantemente e cunha base cada vez máis forte. O principio de **mellora continua** neste ano deu un gran avance, as avaliacións de todos os programas foron estupendas e a implicación e ilusión da equipa de monitores/as tamén se deixaron ver nos resultados obtidos.

Tamén desde as áreas de traballo houbo máis iniciativas de participación na organización de actividades en As Corcerizas, algunhas delas xa levadas a cabo e outras que se materializarán neste próximo ano.

Se traballou nun dos obxectivos principais, a **mellora de condicións da xestión**, para conseguir un respaldo permanente por parte da Administración no mantemento do equipamento. Se creou un documento con peso sobre a traxectoria e potencialidades que ten As Corcerizas, que será defendido ante varias entidades.

Se conseguiu incorporar un posto máis de traballo para o desenvolvemento do proxecto, aínda que polo de agora non conseguimos estabilizar a equipa a longo prazo.

Hai moitas melloras, pero tamén moitas cousas por facer. Se fixeron moitas das actividades planificadas para o desenvolvemento dos obxectivos marcados para o 2008, pero a realidade é que non tivemos a capacidade suficiente para poder cumprilos na súa totalidade.

Esperamos que neste próximo ano se recollan todos os froitos do que xa foi sementado nestes meses nos que As Corcerizas pegou o salto cara unha nova fase.

COMUNICACIÓN

A comunicación constitúe unha peza imprescindible para facer chegar á xente a mensaxe de **Amigos da Terra**, para fomentar a participación e a cohesión social. Para ter visibilidade na sociedade da información, é preciso diversificar os medios de información e ser capaz de chegar aos cidadáns en tempo e forma adecuados.

O ano 2008 non foi unha excepción, e as accións do colectivo foron amplamente divulgadas a través das web da asociación así como nos medios de comunicación a través de preto de **100** comunicados e notas de prensa, ademais das entrevistas, colaboracións en radios e televisións, participación en debates, roldas de prensa, reportaxes, etc., que tiveron unha gran repercusión na sociedade:

Páxinas web:

- Amigos da Terra : www.amigosdaterra.net
- As Corcerizas : www.ascorcerizas.com
- AdT Cooperación : www.amigosdaterra.net/info/cooperacion

Ao longo do ano 2008 contabilizáronse un total de **414.612** visitantes.

- **Repercusión en Medios de Comunicación**

PRENSA ESCRITA

Temos rexistradas **310** aparicións importantes, en prensa galega principalmente.

Os xornais que **máis se fixeron eco** das nosas novas foron: A Voz de Galicia, O Correo Galego, Faro de Ourense, La Región ou Galicia Hoxe.

Tamén, están rexistradas numerosas aparicións en xornais dixitais, destacando o xornal Vieiros e Galicia Hoxe.

A distribución das aparicións segundo as áreas de traballo foi a seguinte:

- **Denuncia ambiental: 136** novas nas que a través da Asesoría xurídica principalmente, fixéronse denuncias, formación de plataformas ou asistencia á manifestacións.

As novas con máis repercusión versaron sobre as denuncias interpostas aos campionatos de caza de raposo, canceira de O Carballiño, chega de bois, explotación de canteiras principalmente a de Toén, residuos e valado no bidueiral de Montederramo.

- **Voluntariado:** 5 novas, relacionadas co SVE.

- **Residuos:** 36 novas, as máis importantes foron o programa de compostaxe doméstica, as campañas de redución, o “día contra la incineración” e a sensibilización de residuos en Marín.

- **Cambio Climático:** 57 novas, das cales a máis destacada foi o programa “A Aposta”, e propostas de aforro enerxético.

- **Consumo responsable:** 93 novas na prensa. As máis destacadas transxénicos e a campaña de Comercio Xusto.

- **As Corcerizas:** 19 novas, destacan as actividades desenvolvidas no centro e novas sobre as instalacións.

- **Educación Ambiental:** 43 novas, destacando as xornadas de agroecoloxía.

- **Conservación e Usos da Terra:** 30 novas, principalmente, a Campaña Doa sangue e planta unha árbore e logo coas plataformas “Galiza non se vende” e Salva o tren”.

- **Cooperación:** 19 novas, destacan a campaña “Pobreza Cero” .

- **Información xeral de Amigos da Terra:** 29 novas, destacan as novas nas que Medio Ambiente non consideraba a **Amigos da Terra** una organización medioambiental.

RADIO

- **Radio:** 105 intervencións en radios galegas e españolas, pero sobre todo intervimos nas delegacións de Ourense e Pontevedra. Radio Voz, Cadena SER e Onda Cero, Radio Galega e Punto Radio foron as que se fixeron maior eco das propostas de **Amigos da Terra**.

Amigos da Terra conta cunha colaboración semanal con Punto Radio así coma nun ECOESPAZO en Radio Allariz.

TELEVISIÓN

- **Televisión:** 13 aparicións na televisión, principalmente na TVG e TVE.

Na **comarca de Pontevedra**, **Amigos da Terra** conta cunha colaboración fixa en programas semanais na radio **Onda Cero Pontevedra e Onda Cero** a nivel Galego, unha colaboración mensual en **Cadena-SER Vigo e Onda Cero Vigo** e colaboracións puntuais en prensa escrita.

Da mesma maneira, o grupo comarcal elaborou varias notas de prensa denunciando algúns dos problemas medioambientais que afectan as comarcas de Redondela, Vigo e Pontevedra principalmente en relación a construción da autovía A-57.

LISTADO DE ACTIVIDADES 2008


- **Masa Crítica** (Ourense), xaneiro 2008
- **Campaña Axuda a vivir: Dona Sangue e Planta unha Árbore** (Vigo), xaneiro 2008
- **Foro Social Galego** (Santiago), xaneiro 2008
- **Manifestación contra a caza do raposo** (Portomarín), xaneiro 2008
- **Foro de ONGD** (Santiago), xaneiro 2008
- **Manifestación: Galiza Non Se Vende!** (Santiago), febreiro 2008
- **Plantación Campaña Axuda a vivir: Dona Sangue e Planta unha Árbore** (Vigo), febreiro 2008
- **Xornadas de Agroecoloxía** (Ourense), febreiro 2008
- **Campaña SOS Clima** (Ourense, Santiago, Redondela), febreiro 2008
- **Campaña Antitransxénicos** (Ourense, Lalín, Santiago), febreiro 2008
- **Día Mundial do consumidor** (Ourense), marzo 2008
- **Educación Ambiental desde o Ecoloxismo** (Oleiros, A Coruña), marzo 2008
- **Semana da Natureza** (O Barco de Valdeorras), marzo 2008
- **Educación Ambiental con adultos** (Ourense), abril 2008
- **Campaña: "Axuda a vivir: Doa sangue e planta unha árbore"** (Ourense), abril 2008
- **Xornadas de Medioambiente** (Pontevedra), abril 2008
- **Día Internacional de Loita contra os transxénicos** (Ourense), abril 2008
- **Congreso Galego de Voluntariado "Voluntariado en Acción"** (Santiago), abril 2008
- **Programa Sentir Coñecer e Actuar** (Ourense), abril 2008
- **Seminario sobre Cooperación e Conservación** (Oleiros, A Coruña), abril 2008
- **"Simposio de Antropoloxía e Cooperación"** (Ferrol), abril 2008
- **"ARTESANARTE 2008"** (Ourense), abril 2008

- **Campaña SOS Clima** (Santiago), abril 2008
- **Primer Encuentro Estatal de la Plataforma Pobreza Cero** (Toledo), abril 2008
- **Masa Crítica** (Ourense), abril 2008
- **Xornadas: Outro Mundo é Posible** (A Coruña), abril 2008
- **Foro de debate sobre voluntariado en cooperación** (Santiago), abril 2008
- **Manifestación Defensa do Tren** (Santiago), maio 2008
- **Compostaxe domestica en Arzúa** (Arzúa, A Coruña), maio 2008
- **Día Internacional do Comercio Xusto** (Ourense, Lugo, Pontevedra, Santiago, Vigo), maio 2008.
- **Día da Biodiversidade** (Ourense), maio 2008
- **Xornadas Zonas Libres de Transxénicos** (Pontevedra), maio 2008
- **Xornadas Medioambientais** (Bandeira), maio 2008
- **Saída de Ecovixias: Ruta Bidueiral de Montederramo** (Ourense), xuño 2008
- **Día do Medioambiente: SOS Clima** (Vigo), xuño 2008
- **Día do Medioambiente** (Santiago), xuño 2008
- **Encontros de Cooperación** (Brión), xuño 2008
- **Día Sen Bolsas de Plástico** (Ourense), xuño 2008
- **Feira do Sol** (Santiago), xuño 2008
- **FAX Festival SOS Clima** (Ourense), xuño 2008
- **Campaña Axuda a vivir: Dona Sangue e Planta unha Árbore** (Ourense), xullo 2008
- **Campaña A Aposta fronte ao Cambio Climático** (O Barco de Valdeorras), xullo 2008
- **Campaña “Galicia mellor sen Touradas”** (Pontevedra, Ourense), xullo 2008
- **Xornadas Lúdico Construtivas** (Ourense), setembro 2008
- **Actividades de Educación ambiental na Biblioteca** (Ourense), setembro 2008
- **Fins de Semana Alternativos en “As Corcerizas”** (Ourense), setembro 2008
- **Día sen coches** (Ourense), setembro 2008
- **Compostaxe Doméstica no Concello de Marín** (Marín), setembro 2008.


- **Reperkusión SOS Clima** (Allariz), setembro 2008
- **Campaña Báixalle os fumes aos coches** (Galicia), setembro 2008
- **Campaña Europa ten que asumir o liderado** (Galicia), setembro 2008
- **Masa Crítica** (Ferrol), setembro 2008
- **Encontro de voluntarios REVE** (Ourense), outubro 2008
- **Encontro de mozos Europeos** (Nantes, Francia), outubro 2008
- **Campaña A Aposta** (Allariz), outubro 2008
- **Campaña Pobreza Cero** (Ourense, Vigo), outubro 2008
- **Día Mundial da alimentación** (Ourense), outubro 2008
- **Terractiva SOS Clima** (Arzúa), outubro 2008
- **Encontro da Marcha Mundial das Mulleres** (Vigo), outubro 2008
- **Encontro da Rede de Avogados para a defensa ambiental** (Madrid), outubro 2008
- **Xornadas de redución de residuos** (Santiago), novembro 2008
- **Charlas de Sensibilización sobre cooperación ambiental** (Lugo), novembro 2008
- **Foro de Debate de Cooperación Galega** (Santiago), novembro 2008
- **Xornadas Dereito Ambiental de Galicia** (Santa Cruz,A Coruña), novembro 2008
- **Concentración Transxénicos nos campos, tóxicos nos pratos** (Santiago), novembro 2008
- **Curso de interpretación do Patrimonio** (As Corcerizas, Ourense), novembro 2008
- **Casa Solidaria** (Ourense), decembro 2008
- **Amantes do Lixo** (Basauri-Bizkaia), decembro 2008
- **Foro Social Galego** (Santiago), decembro 2008
- **Día dos dereitos dos animais** (Ourense), decembro 2008
- **Conferencia antes comestibles que combustibles** (Ourense), decembro 2008
- **Exposición fotográfica Olladas desde Centroamérica** (Ourense), decembro 2008
- **Seminarios prácticos de Lexislación Ambiental** (Ourense), decembro 2008
- **Manifestación en contra da destrución do territorio** (Redondela), decembro 2008

AMIGOS DA TERRA EN DATOS

QUEN SOMOS



COMO NOS FINANCIAMOS



Redacción:

Analía Moares
Ángel Dorrío
Bernardo Carreiro
Judith Sing
María Durán
Montse Fdez
Montse Valencia
Paula Vidal